



DATO


FOLLETON

17  
—  
IV

9







17-IV-62

9
















FILOMENA DATO MURUAIS

# FOLLATOS


POESÍAS GALLEGAS



OURENSE: 1891

IMPRESA DE A. OTERO

SAN MIGUEL, 18



FOLLATOS

Al Exmo. Sr. D. Manuel  
Lamayo y Baus, en testimonio  
de la consideracion con que se  
distingue

La autora





FILOMENA DATO MURUAIS

---

# FOLLATOS

POESÍAS GALLEGAS



OURENSE: 1891  
IMPRENTA DE A. OTERO  
SAN MIGUEL, 18



---

É PROPRIEDADE

---

Á S. A. R. A SRMA. SRA. INFANTA D' ESPAÑA

DOÑA SABELA FRANCISCA DE BORBÓN


---

SEÑORA:

*Pra dar púbrico testimonio de gratitude 'as  
bondás de V. A. R. pra conmigo, quixera poder  
ofrecerlle un ramiño de frores perfumadas; mais  
o meu inxénio val tan pouco, que soilo Follatos  
pode pñer*

'OS R. P. DE V. A. R.

A AUTORA





## DEFENSA D' AS MULLERES <sup>(1)</sup>

'A EXCMA. SRA. MARQUESA DE NÁXERA

Decim' os que credes  
en Dios y-as suas obras:  
¿Cal foi d' a creacion  
a espréndeda coroa?  
¿Cal foi a que Dios fixo  
a última de todas?  
¿Foi o mar...? ¿As estrelas...?  
¿A luz d' a branc' aurora...?  
¿Foi a estáuta de barro  
qu' á sua imáxe propea  
un alma lle infundira  
intlixente y-hermosa...?  
¿Foron cicais os ánxeles  
que pobraron a groria...?  
Foi a muller que tivo  
a fertuna grandiosa

de xuntal-as bellezas  
que ten total-as cousas.  
Ela ten com' os homes  
fortaleza donosa:  
dozura com' os ánxeles,  
com' as aves n-a gorxa  
un raudal d' armunías  
n-a sua fala melosa:  
com' o mar garda pelras  
e corales n-a boca:  
brilan com' os diamantes  
suas bagoas cando chora:  
ten com' a brisa sospiros  
e cores com' a rosa:  
verten luz os seus ollos  
com' estrelas radiosas  
y-o seu amor dá vida,  
aterno sol de gloria.

## II

Homes qu' á muller culpades  
d' os crimes que cometedes  
e decís que d' as disgracias  
sempre son causa as mulleres,  
oind' o que dí Feixóo  
n-aquel libr' en qu' as desfende:  
«É verdade qu' hay algunhas  
ruis, algunhas que teñen  
cicais perdid' a vergonza;  
mais decinde ¿por qué a perden?

Non é razon pr' aldraxalas,  
qu' algun santo padre berre,  
cicais botándoll' a culpa  
de qu' o mundo se perdese:  
porque falan d' as perversas;  
mais non con todas s' entende». .  
Pois si por elas pecades  
a culpa non lle votedes,  
que nunc' o sol tivo culpa  
de que quen o mira cegue.  
Decides qu' Eva pecou;  
mais inganouna a serpente,  
creatura en quen falaba  
un ánxel, qu' anque reberte,  
era un ánxel e tería  
intelixencia esprendente.  
Mais Adán, qu' era varon,  
támen foi curioso e debre  
e non tivo pra tentalo  
nada o demo que faguere.  
¿Qu' a Caba perdeu á España?  
¡Quén tal diga mint' adrede!  
Foi un conde, foi un bispo...  
foron homes todos eles. .

## III

Dixo o doutor Almarico,  
alá n-o sigro duodécemo,  
qu' en castigo d' os pecados  
nacen mulleres á centos;

pois s' o home conservase  
o seu estado preteuto  
de nocenza, nacerían  
homes tan solo d' afeito.  
¿D' onde sacou o doutor  
ese crasísemo erro?  
¿En qué quedamos ó fin?  
¿Á quen enganou ó demo?  
¿Eva era home ou muller...?  
Pois Dios crióuna n-o tempo  
en qu' Adan ind' era puro  
e nin soñara ofendelo.  
Aristóteles falou  
contr' as mulleres y-eu penso,  
si sería un gran catiña  
que choraría o diñeiro  
que gastou en lles queimar  
com' á deidades incenso.

## IV

Os que decís, qu' a muller  
non ten a cabeza feita  
pra soste unha coroa  
e que non sirve pra reina.  
É qu' esquencedes cicais  
que tod' a hestoria está chea  
de nomes qu' o brillo teñen  
de luminosas estrelas.  
Semíramis y-Artemisa:  
duas Aspasia y-a nena

File, filla d' Antipatro,  
con quen iste s' aconsella.  
Livia que domin' á Augusto  
y-o mundo co-él goberna:  
Agripina qu' ô seu fillo  
de Roma o imperio lle dera:  
a ilustrada Amalásunta  
qu' entende total-as lengoas:  
a gran reina anque croel  
Sabela d' Ingalaterra:  
a Catelina de Médeces  
y-a Católeca Sabela,  
que lle dou un mund' á España  
alá n-as prayas d' Amérecas...  
y-ainda n-os tempos d' hoxe  
¡ollade como gobernan!

Os que mirás o valor  
como riquísema prenda,  
dempois d' as que xa lembrei,  
que cuas total-o tiveran,  
lembráivos d' Aretafila  
que redemiu á sua terra  
de dous tiranos crués  
y-ô tragnerll' a diadema  
con indinaceon altiva  
apartouna d' a sua testa.  
De Dipretina que foi  
d' o seu pai a compañeira  
e cal Mitridates grande  
foi en valor y-en prudenza,



e por non vivir escrava  
quitous' a vid' ela mesma.  
D' unha Clelia que nadando  
chegou á Roma liberta  
d' as prisiós d' un rei d' etruscos,  
d' o coraxudo Porsena.  
D' Arria, muller de Cecina,  
qu' ô seu home ll' aconsella  
que non consinta que segue  
o verdugo a sua cabeza,  
e pra alentalo c' o exempro  
a morte dáse ela mesma  
e d' o seo arretirando  
o puñal que n-él metera  
díxolle: ¡toma, non doi!  
con muxeiril enteireza.  
D' Eponina condanada  
á morte que di: contenta  
morro por tal de non ver  
n-o trono d' a miña terra  
un emperador tirano  
que malamente goberna.  
De Margarida que foi  
conqueridora de Suecia.  
De Murulla qu' ô mirar  
o seu pai morto ô pé d' ela,  
colle rodela y-espada  
e desfend' a fortaleza.  
D' a nobre Branca de Rosi  
que tras valente defensa,  
qu' ô lado d' o seu marido

dendes d' o muro fixera,  
véndoo morto, por non ser  
n-os brazos d' un home opresa,  
tiróuse dend' un balcón  
con arrogante fiereza  
y-arrecollida e curada  
por non sufrir tal afrenda  
foise matar sobr' a coba  
ond' o seu amor s' encerra.  
De Bonna paísana humilde,  
probe pastora d' ovellas,  
capitana valerosa  
de cen brilantes empresas,  
qu' ô pé d' un muro morreu  
ô penetrar pol-a brecha.  
d' a nosa María Pita  
groriosísima gallega,  
de cuyos feitos non falo,  
pois non hay quen os esquenza.  
D' unha María d' Estrada,  
que fixo tantas proezas  
alá n-os vales d' Otumba,  
que Torquemada dí d' ela  
que puxo espanto n-os homes,  
qu' a miraban n-a pelea.  
D' Ana de Baux, natural  
d' unha aldeña framenca,  
que por gardar seu honor  
púxose n-a vestimenta  
d' os homes pra pelexar  
hastra cair prisioneira

e vendo que xa non pode  
seguir sin ser descuberta,  
vestíuse c' os burdos hábetos  
de relixiosa profesa.  
D' Agustina Zaragoza  
n-a guerra d' a endependenza,  
que foi gloria d' este sigro  
n-a cidade aragonesa.  
E por último lembrai  
os feitos de Xoana Hacheta,  
heroína á quen seguiu  
un cento de compañeiras,  
e relembrand' as mulleres  
que véndose sin defensa,  
porque xa os homes fuxiran,  
alá de lonxe n-as terras  
d' as Cursolares, souperon  
faguer levantar a cerca  
ós turcos, que s' asombraron  
de ver tanta fortaleza.

## V

¿E quen dixo qu' a muller  
non sabe gardar sacretos?  
Non quero buscar n-hestoria,  
que ten millares d' exempros;  
mais ¿quén d' os nados s' esquence  
d' a mártir d' os nosos tempos?  
¿Quén s' esquence d' a Pineda,  
que quixo morrer primeiro

y-â coitela d' o verdugo  
entregouse sin receos,  
e deixou sin nai ôs fillos,  
por non decir un sacreto?  
Nadie ñora con qu' afan  
o perdon lle pormeteron  
s' ôs cómpreces descubría  
d' aquil libeiral intento...  
¡e morreu por non falar...!  
¡por non abrir o seu peito!

## VI

'Os que negan á muller  
intelixencia e talento,  
a millor contestaceon  
cicais que fose o dispregio.  
¡D' ónde sacaron qu' as almas  
teñen com' os corpos seuos?  
Porqu' as probes d' as mulleres  
nunca tiveron ensino  
como os homes, qu' eran tontas,  
os homes tontos dixeron;  
pois anqu' algus qu' eran sábeos  
probar quixesen o mesmo,  
soilo logran porbar  
que n' human' entendemento  
todo é falibre e que poden  
os mais grandes teren erros.  
Eu non me met' a estudar  
si tein húmido o cerebro,

nin cal é forma millor  
pra ter as almas asentos  
porqu' eu as cousas non busco,  
que soilo busco os efeutos.

Inda n-os tempos que foron  
n-a noit' escura d' os tempos  
perdidos, cicais brilaron  
con luminosos refrexos  
coma soles esprendentes  
os femeniles talentos.  
¿Quén foi Minerva? decí,  
¿Porqu' as cencias se puxeron  
debaixo d' o seu amparo  
e lle queimaron incenso?  
¿Quén foron as nov' hirmás  
que tiveron tantos tempos,  
e pr' as qu' aínda os poetas  
erguen altares n-o peito?  
Mulleres foron sen duda  
de crarísemo talento  
á qués diviñizaría  
a admiración y-o tempo.  
Y-est' é unha crara sinal  
de qu' as mulleres tiveron  
sempre autitú pr' o saber  
e demostraron inxenio.  
Centos de mulleres sábeas  
pódense poñer d' exempro  
de que nunca Dios negou  
à muller entendemento.

## VII

O entendemento d' os homes  
con coidado se cultiva  
e cuasque todos reciben  
d' a instrucion a luz diviña,  
e cicais de cada mil  
un tan soilo s' ilumina:  
namentres que d' as mulleres  
son muy poucas istruidas  
y-as que reciben a luz  
coma craros soles brilan.

Frores d' os xardís d' as letras  
de lozana galanía,  
alcendidos caraveles,  
branquiseimas margaridas,  
rosas de doce fraganza,  
violetas escondidas,  
qu' euxalastes o perfume  
d' os dioses, a poesía:  
quérovos poñer á todas  
n-un ramiño axuntadiñas.  
Quero os agros recorrer  
dendes de Grecia á Galicia,  
e lembrar se ser poidera  
dende Safo á Rosalía...  
mais non, rinuncio á lembrarvos,  
lindas frores pelegrinas;

pois que todos vos conecen  
e non sodes esquencidas.

Cando xa n-os tempos d' onte  
tales astros parecían,  
y-eso qu' ô pazo d' as cencias  
entraban por regandixas,  
porqu' as portas lles pechaban  
os que lles tiñan cobiza,  
e non tuvo altura a cencia  
qu' as mullerès non rubiran  
sin se parar n-o camiño,  
chegando sempr' hastr' a cima.  
¿Qué será cand' entrar poidan  
e sair sin cobardía?  
¿Qué será cand' elas sepian,  
que xa ninguen as cretica,  
por buscaren afanosas  
a luz d' a sabidoría?

## VIII

D' os disgraceados que ruben  
ô patíbolo, de cen  
mais de noventa son homes,  
mulleres nunca son dez.  
'A muller que sai ruin  
e de curazon croel,  
todos lle chaman un mostro  
ninguen lle chama muller,  
qu' a muller é compasiva,

goza sempre en faguer ben  
e teñen drento d' o peito  
un panalciño de mel.  
Elas son nais dende nenas,  
dende que saben faguer  
unha nécora d' un trapo  
y-un páxaro de papel  
enchen de doces caricias  
e de bicos aquil sér  
á quen lle finxen un alma  
e n-o seu peitiño ten  
manantiales de tenrura,  
pr' o coidar e protexer.  
A muller naceu pra nai  
y-esta razon basta ben  
pra comprender o prefeuta,  
que Dios a quixo faguer.

Homiños qu' ides á guerra,  
porque vos obriga a ley  
ou a ambiceon vos rempuxa  
e vandés á merecer  
grande renome n-hestoria  
y-o favor d' o voso rei  
e puseceon elevada  
e gran sold' e gran poder,  
e porque sodes valentes  
unha estáuta pretendés:  
¿Qué merecen esas monxas  
que vos siguen por do quer,  
que curan vosas feridas



e soilo por faguer ben,  
sin paga nin recompensa  
espoñéndose á morrer  
pol-os campos de batalla  
solícetas van e vên?

¿Qué mais...? cando Dios ô mundo  
quixo vir á padecer  
e veu apurar o cález  
cheo de vinagr' e fel,  
por ter un pouco de gloria  
quixo ter nai e nacer.  
Porqu' unha estrela o anonciaba  
veñen adouralo reis  
y-á voz d' os ánxeles chegan  
os pastores cabo d' él.  
Dempois cando n-o deserto  
está perdicand' a fé  
e c' o pan d' a sua palabra  
almas e corpos manten  
e fai milagres á centos,  
corren as turbas trás d' él,  
van os homes ôs millares  
y-ô entrar en Xerusalen,  
com' entra en grorioso trunfo,  
vitoréano en troupel.  
Mais cando camiña preso,  
chea d' espiñas a sen  
y-a cruz lle pesa n-as costas  
hastra faguelo cayer,  
teñen que buscar un home

y-obrigalo pol-a lei  
á que ll' axud' á levala,  
cand' á tantos fixo ben.  
Os discípolos fuxiron  
e votárons' á tremer  
cand' algun lle perguntaron,  
si profesaban a fé  
de Xesús de Galilea  
chamado rei d' Israel.  
Sofrind' aldraxes sangrentos  
d' as turbas, unha muller  
ábrese pas' e non treme,  
chega, axinollas' ôs pés  
d' o mártir e d' o seu rosto  
limpa o sudor que correr  
se ve con sangue mezcado  
e d' o seu pan' a dobrez  
saca a imáxe de Dios vivo  
que se venera en Xaen.  
Fixo centos de milagres,  
mais nin un soilo se ve  
d' os mortos rezusitados,  
d' os cegos qu' agora tén  
luz n-os ollos, d' os tolleitos  
qu' agora poiden correr.  
E cando volv' a cabeza  
soilo ve chorar trás d' él  
ás mulleres que desprezan  
á aquela turba soez.  
¡Soil'alcontra ollos amigos  
n-esas fillas de Salem!

Xa está n-a cima d' o monte,  
xa está prousimo á morrer...  
ama ô mund' e quer deixarlle  
o que mais n-estima ten...  
¡Déixalle un rico tesouro...!  
¡Unha nai...! ¡Unha muller!





## MORRIÑA

¡Qué lonxe estou! Non respiro  
a leda bris d' as Mariñas  
nin vex' antre verdes soutos  
douradas olas d' espigas.  
Non vexo aquí crar' espello  
onde, meu amor, te miras:  
aquí mar que fixo Dios  
d' un bico e d' unha surrisa.  
Miñ' aldea acurrunchada  
antre naranxos y-olivas,  
¿ond' estás que te non vexo?  
¡Ay! non estás esquencida;  
estás n-a miña memoria,  
n-o meu pensamento escrita.  
Eu véxote cando durmo,  
tua imáxe ben decida

é meu consolo s' esperto  
n-os desertos de Castilla.  
É verdade qu' esta terra  
é terra abundant' e rica;  
mais non ten as tuas montanas  
sempre verdes e froridas,  
non ten as tuas bellezas  
¡meu amor! ¡miña Galicia!  
Non ten aqueles outeiros  
que de frores pelegrinas  
xigantes ramos somellan  
que son d' os xardís cobiza.  
Non ten os teus verdes soutos  
nin ten as tuas chouciñas  
antre frondas perfumadas  
coma niños escondidas.  
Miñ' aldea, non t' esquenzo;  
a tua imáxe ten vida  
no meu curazon amante  
y-o meu amor t' acaricia.  
Vexo d' o teu campanario  
a' spadana alta y-erguida  
rubir por antr' arboreda,  
qu' escond' a eirexa velliña,  
e vexo o teu simeteiro  
todo cuberto d' olivas.  
Vexo o cruceiro de pedra  
onde de neno solía  
faguer altares de frores  
n-os teus agros recollidas.  
Tod' esto vexo c' a y-alma

d' o relembr' á luz bendita.  
Véxote sempre ¡meu ben!  
¡meu amor! ¡miña terríña!  
Véxote sempre e padezo  
tan negra melanconía,  
que morro de soedás  
n-o pardo chan de Castilla.

## II

Vou morrer, d' os meus traballos  
cicais Dios se compadeza  
que gard' os premeos d' a gloria  
pra quen padeceu n-a terra.  
Cicais trás d' o azul d' o ceo  
un rico pazo me teña  
o Aterno Rei porparado  
cheo de gozo sin penas.  
Enxamais sentirei fame,  
nunca d' ese sol que queima  
os rayos abrasarán  
a miña frente cuberta  
de sudor pol-o traballo;  
nunca sofrirei a afrenda  
de que me voten d' o lar  
por trabucos nin por rentas;  
non tirarán d' os meus brazos  
os meus fillos, esas prendas,  
eses anacos d' a y-alma  
que vén arrincarm' a guerra.  
A doce paz d' o sipurcro

gozarei n-a vid' aterna,  
serei ric' e vinturoso,  
pois fun enfeliz n-a terra;  
mais si dend' o ceo azul  
non hei ver a miña aldea...  
¡ten piedade, meu bon Dios!  
¡deixam' a vida y-as penas!





## NON DÚBIDES

Anduriña viaxeira  
que lixeira  
cruzach' a terra y-o mar,  
pousa xa, prob' anduriña  
cansadiña,  
pousa, xa podes pousar.

Pousa xa, mal pocadiño,  
qu' o teu niño  
xa podes eiquí faguer.  
Baixo de calquer tellado  
un sagrado  
pr' os rapaces ha de ser.



Ben saben qu' as anduriñas  
as espiñas  
lle quitaban ô Señor,  
e qu' o niño tés bendito  
y-é un delito  
privarvos d' o seu calor.

Non dúbides, anduriña,  
n-a terra  
ond' eu nacín, aniñar.  
Non dúbides, qu' o teu niño  
con cariño  
han-o todos de mirar.





## Á LOURIZAN <sup>(2)</sup>

'A SRA. D.<sup>a</sup> DELORES MONTERO DE VINCENTI

¡Ay Lourizan! meu encanto,  
aldea acurrunchadiña  
que tes pra gala y-espello  
ós teus pés a crara ria,  
pra coroa un lindo pazo  
con bellezas enfinitas,  
brisas sempre perfumadas  
froles que se non marchitan,  
pois aterna primaveira  
n-o teu verde chan ten vida.  
¡Ay Lourizan! ¡quén tivese  
unha paleta divina  
pra copear as tuas chouzas  
y-as tuas verdes campiñas  
y-as olas d' o mar hermoso

que t' arrolan e te bican!  
¿Qué cadro mais feiticeiro  
ningún xénio soñaría?  
¡Qué portento de cores!  
¡Qué xoya d' arte mais rica!  
Mais, pois pintarte non podo,  
quero qu' a prob' arpa miña  
faga vibrar as suas cordas  
con cadenciosa armunía.  
Quero con doces acentos  
cantarte porqu' eres linda;  
pois non hay n-o mund' enteiro,  
nin ten a hermosa Galicia  
un curruncho mais garrido  
nin mais ric' en poesía.

Vint' e topei tal feitizo,  
hermosura tan garrida  
n-o teu chan e n-esas chouzas,  
antre frores escondidas,  
que coidei qu' eras d' un sono  
viseon que se desfaría.  
Vinte n-outono, unha tarde  
cando x' o sol traspoñía.  
¡Qué tarde mais feiticeira!  
¡Qué doces e que mainiñas  
as olas d' o mar bicaban  
esas ribeiras garridas  
onde son pelras desfeitas  
as areas miudiñas!  
Tod' estaba en doce calma;

os ventos seica durmían  
n-os buracos d' as penedas,  
soilo marmurab' a brisa  
que falaba c' os naranxos  
gabándolles a froitiña  
pra roubarlles mais axeito  
os perfumes que cobiza.  
Os regatos trouleaban,  
non sei quen-os perseguía,  
que, sin deters' un instante,  
as suas augas cristalinas  
car' o mar corre que corre,  
faland' e rindo fuxían.  
Ti estabas com' estás sempre  
tan xeitos' e tan bunita  
antr' os aternos verdores  
d' incomparabre campiña,  
c' as tuas casiñas probes,  
qu' anque probes son tan lindas;  
co-esa eirexa ond' está Dios  
tan gustante porqu' habita  
antre frondas perfumadas  
y-antre xentes sin malicia.  
Alí estaba o lindo pazo  
d' o que tes por galanía  
que che sirva de coroa  
c' a sua hermosa capilla,  
c' os seus xardís que d' encantos  
algún conto realizan,  
pois eu penso que por forza  
n-aqueles grutas tan ricas

en bellezas e primores  
debe d' estar escondida  
unha fada feiticeira  
ou unha princesa linda.





## NON CHOVE


O sol hermoso alomea  
con brillantes resplandores,  
mais n-a terra n-hay verdores,  
tod' é negrura e door.  
¿Qu' importa qu' estexa o ceo  
tan azul e trasparente  
s' abrasa o sol incremente  
e non deixa nin unha fror?

O triste labrego chora  
cand' ôs ermos campos mira,  
mirand' o ceo sospira  
con amargüesimo afán,  
e vé pasar diant' os ollos  
cen visióis aterradoras,  
vend' as longüisemas horas  
que ten un ano sin pan.

Ve o gando morto de fame  
y-ôs fillos agunizando  
e qu' à porta está chamando  
sin piedá o recaudador.  
Y-ô ver pasar diant' os ollos  
d' a y-alma tanta negrura  
¡maldita sex' a hermosura  
d' o ceo! dí o labrador.

Sobr' a cima d' unha serra  
com' un branco tul frotante,  
mira o labrego anhelante  
unha nub' aparecer,  
e dí posto de xinollos  
repeso d' o qu' antes dixo:  
*¡Gracias, meu Dios, pois de fixo  
esta noite vai chover!*

Hora sí qu' o ceo hermoso  
é un pazo d' o meu Dios dino,  
hora sí qu' está divino,  
agora é ceo pra nos.  
¡Perdón, Señor, para un probe  
qu' está de chorar cansado  
e cicais desesperado  
puido ofenderte, meu Dios.





## À UN PENSAMENTO

À SOFÍA CASANOVA DE LUTOSLAWSKI

Fror qu' antre neves naciche  
aló n-os confís d' Europa,  
mensaxeira de venturas  
e lembranzas cariñosas,  
prenda de santa amistá  
que vês de terras tan longas  
e tras de dous anxeliños  
o nom' escrito n-as follas,  
s' é verdade que n-o mundo  
tên alma total-as cousas,  
dime, branco pensamento,  
se por fertuna m' escoitas,  
¿por qué tes as follas brancas  
com' as aliñas d' as pombas?  
¿non hay sol n-a tua terra  
que dé cores y-aromas



às frores y-estades tristes  
e páledas e chorosas?  
Cicais nacés ¡coitadiñas!  
antre brétemas e sombras.  
¿Ou é que nacedes brancas  
y-unque páledas hermosas,  
pra qu' as vosas follas sirvan  
como sirviron agora  
pra escribir os lindos nomes  
de Sabeliña e de Rosa?

Prefumados caraveles,  
alcendidas amapolas,  
rosas que tendes argullo  
porque contades cen follas,  
ben podeades ter cobiza  
d' esta fror páleda e soila,  
que ven dend' a fría Rusia  
á traguerm' unhas mamorias.  
N-ela escribíu unha nai  
e pux' a sua y-alma toda  
e garda esa fror tan pura  
todo un poema de gloria.  
Ese branco pensamento  
non é unha fror, é unha xoya,  
pois un xénio pelegrino  
a sua firma groriosa  
puxo n-él pr' avaloralo,  
qu' o nome d' a Casanova  
troca n-unha folla d' ouro  
o papel en que se pousa.



## NEVE

Por branca nevada  
os campos cubertos  
parecen desertos,  
tan soilos están.  
¡Probiña d' a y-alma  
qu' está mais deserta  
de neve cuberta  
d' inverno e de vran!

A neve d' os campos  
o sol a derrete  
y-ás veces pormete  
cosecha millor,  
que baixo d' a saba  
que tanto branquexa  
o xérmen latexa  
de novo verdor.

A neve d' a duda  
que cai sobr' o peito,  
matando d' afeito  
os xérmenes vai,  
y-as santas creenzas  
xa nunca frorecen,  
xamais reverdecen  
n-a y-alma en que cai.





## ¿QUÉ DIRÁN?

¿Qué dirán eses piñeiros  
que non fan mais que falar  
cada vez qu' os bic' a brisa  
cando cruz' o piñeiral?  
¿Qué dirán cand' estremecen  
n-ese aterno marmullar?  
¿Qué dirán eses regatos  
que cruzand' o verde val  
coma cobras prateadas  
falan c' os croyos d' o chan?  
¿Qué lle dirán á esas frores  
que van bicand' ô pasar?  
¿Que dirá o mar cando brúa  
n-as olas a tempestá?  
¿Qué dirá cando mainiño  
c' os seus beizos de cristal

bic' as prayas docemente  
n-unha noite de luar?  
¿Que dirán os rapaciños  
cando n-o colo d' as nais  
gralean antre surrisas  
n-o seu doce gralear?  
¿Qué dirá a rola viuda  
que xeme n-o trepezal?  
Y-as anduriñas, y-as pombas,  
y-o reiseñor ô cantar,  
¿qué dirán n-ese idioma  
subrime y-universal?  
Preguntádel' ôs poetas  
qu' eles poiden contestar.





## PERDÓALLES

Pequena pátreia, amor d' os meus amores,  
Galicia hermosa á quen eu quero tanto  
¡quén poidera d' os pardos reiseñores  
posér a voz para adicarch' un canto!

Mais s' o cant' é ruín é ben sentido  
pois cuase com' á Dios eu te venero,  
currunchiño de gloria bendecido  
¡quén poidera espricar canto te quero!

C' o culto d' un artista pr' a beleza  
cal divina deidá reverenciada,  
coma un avaro adoura á sua riqueza  
con mais idolatría eres amada.

Com' ama o sol ás frores pelegrinas,  
com' un esposo amante á sua esposa,  
com' un sedento ás augas cristalinas.  
com' un escravo a libertade hermosa.

com' unha nai á un fillo idolatrado,  
como s' adoura sempr' un ben perdido,  
como quer ô seu lar o desterrado  
así t' eu quero á tí, meu ben querido.

Com' as prantas ô sol que lles dá vida,  
com' o náufrago á praya bienhechora,  
com' os héroes á gloria apetecida  
com' os cegos á luz qu' os mundos dora.

Por seres tan hermosa e disgraceada  
e verest' apimida en tantos modos  
así t' eu quero á tí, pátreá adourada,  
así te queren ¡ay! os fillos todos.

Perdóalle ôs que fuxen e te deixan  
porque tan negros son os seus pesares,  
tan fondas amarguras os aqueixan  
que van buscar a morte trás d' os mares.


Eles ben saben que n-o mund' enteiro  
lonxe de tí non topan alegría,  
qu' a morriña non cura con diñeiro  
e soilo n-o teu chan ten milloría.

Eles ben saben qu' esa ausenza mata,  
mais c' a carga d' a vida xa non poden  
e non te deixan, non, por buscar prata  
é qu' a vida lles pesa y-a sacoden.

Perdoa, pois, ós probes emigrantes  
que tan lonxe de tí renden as vidas,  
qu' anqu' ingratos parezan son amantes...  
merecen compaseon... ¡son suicidas!









## Á PONTEVEDRA

¡Salve preciosa ciudade,  
rica xoya de Galicia!  
de cen héroes nai donosa.  
¡Salve, Pontevedra linda!  
¡Salv' amor d' os meus amores  
d' o Lérez pelra divina!  
Eu que tanto t' idolatro  
quixera qu' a miña lira  
cen cordas d' ouro tivese  
qu' en vibraciós pelegrinas  
o que sint' o peit' amante  
te dixesen n-este día.  
Sint' Helenes adourada  
ô pisar estas campiñas  
cheos de bágoas os ollos  
y-o curazon d' alegría.

Sint' ant' as tuas bellezas  
que fixo Dios infinitas  
legría porque son tuas  
e negra malenconía  
porqu' os meus ollos non poden  
gozálas namentres viva.  
¡Ay! ¡quén poidera aniñarse  
n-as ribeiras d' esta ria,  
qu' están com' o paraíso  
sempre verdes e froridas!  
¡Quén tivera antr' esas frondas  
un eido y-unha chouciña,  
onde poder pasar sempre  
unha eusistenza esquencida!  
Tantas son as tuas bellezas  
que non basta a luz d' o día  
pra poder ademiralas,  
e pra que poidas lucilas  
o sol d' o sigro presente  
pol-a noite t' alumina.

¡Quén, Ponteyedra adourada,  
d' o Lérez pelra divina,  
sen arrenegar d' Ourense  
poidera ser tua filla!





## IDEIXAINO CHORAR!

¡Probe cego! está chorando.  
¡Deixaino chorar!  
non trubés c' as vosas risas  
o seu trist' afán!

Él non ve d' os altos ceos  
o límpedo azul,  
nin d' a lua prateada  
a páleda luz.

Nin ven os seus tristes ollos  
nengún resprandor  
cando sinte sobr' a testa  
o bico d' o sol.

Él d' as risoñas cascadas  
qu' escoita saltar  
non mira as líquedas pelras  
de limpo cristal.

Nin ve os regatos pequenos  
que sinte bulir  
antr' as frores perfumadas  
que trepa n' Abril.

¡Enfeliz! está privado  
d' o supremo ben  
pois d' os fillos qu' idolatra  
o rosto non ve.

Decide os que vés o mundo  
si tés curazon  
¡habirá cicais alivio  
á tan gran door?

Pois que n-o mund' alegría  
pra él n-habrá  
non riás... que non vos ouzá...  
¡Deixaino chorar!





## Á CAMILO PRACER

¡DURME!

De bágoas e de frores e cantares,  
rica coroa tecench' os amigos,  
y-a nosa nai a pátreá qu' adourabas  
co-a tenra idolatría d' un bó fillo,  
trocou pra te chorar sobre d' a coba  
por un manto de loito o seu vestido.  
Dendes d' o ceo azul, dendes d' a pátreá  
que fixo Dios de gloria pr' os espiritos,  
podes ver esta nai que é tan hermosa,  
en brétéma envolveitos os feitizos  
sin frondas e sin frores n-os seus campos,  
avóltol-os regatos cristalinos,  
de follas muschas o seu chan cuberto  
e promo en vez de prata n-os seus rios.  
¿Non escoitas, Placer, como te chora?  
¿Non óis o vento qu' en revoltos xiros

antr' os piñeiros e n-os sotos xeme  
pol-a ausencia d' o xenio pelegrino...?  
A probe nai, esta Galicia amante,  
que tanto t' admirou, tanto te quixo,  
ha de chorar de cote sobr' a coba  
onde tan docemente estás durmindo.  
Durm' amigo Pracer, mentras chorando  
t' arrola a nai amante con suspiros:  
e pois durmes n-o colo de Galicia  
tes d' a tua grandeza leito dino.





## NON SOSPIRES

Xilgariño qu' enxaulado  
namorado  
te sintes d' a libertá,  
non sospires, ten pacencia  
qu' a nocencia  
o teu consolo será.

Non sospires, xilgariño,  
pol-o niño,  
qu' era doce habitaceon;  
qu' o que non está culpado  
sen coidado  
poide durmir n-a priseon.



¡Ay! triste d' o qu' antre ferros,  
os seus erros  
de cote chorand' está,  
qu' o torcedor infinito  
d' o delito,  
o peito lle queimará.





## A SESTA

Ard' o sol n-os altos ceos  
y-os abrasadores rayos  
vals e montes e lugares  
cobren de polvo dourado.  
Os avesouros non zóan,  
durm' a bris' antr' os carballos  
y-antr' as frondas escondidos  
tamen dormen os paxaros.  
Mainiña, mainiñamente,  
un regatiño pasando  
vai antr' as herbas miudas  
y-antr' os pequenos follatos,  
e non murmuraxa xiquera,  
deslizase tan calado  
como se tivera medo  
de qu' os romores mais brandos

espertan a natureza  
que repousa descansando.  
Non se ve pol-os outeiros  
nin unha ovella ni-un año,  
nin unha vaquiña soila  
andar pacendo n-os prados.

¡Hora d' a sesta tranquíá!  
¡Hora de doce descanso  
en que todo cal' e dorme  
n-a soedade d' os campos!  
Hora en qu' o probe labrego,  
cheo de fame e traballo,  
soña c' unha gran fartura  
baix' a sombra d' un castaño:  
¡mil veces bendita sexas!  
que n-o teu sosego santo  
das á tan negros pesares,  
c' os teus praceres soñados  
unha tregoa de ventura  
d' enxamais sentid' encanto.





## ¿QUE DIS?

Cobra de cristal brillante  
qu' antre frores,  
con fantástecos romores  
vas correndo sen parar,  
cóntame o que vas dicindo  
¡ouh Miño! qu' estout' oindo  
e n' entendo o teu falar.

Dime, Miño, se te gabas  
d' o tesouro  
que vas arristrand' en ouro  
y-e dino de se gabar?  
que ti sempre vas roxindo  
¡ouh Miño! y-estout' oindo  
e n' entendo o teu falar.

Cicais cantas, craro Miño,  
as bellezas  
y-as espréndedas riquezas  
que refrexas ó pasar,  
y-a miñ' alma está sufrindo...  
¡a tua canción oindo  
n' entender o teu falar!





## OS OLLOS D' A MORTA

—¿Que tes, conde, que non dormes  
y-estremeces e sospiras?

Dícello á tua condesa,  
meu curazon, non t' afixas

—Condese, por forza soñas:  
durm' e descansa tranquía  
qu' o meu amor non che falla  
y-eres sol d' a miña vista.

—Non soño, meu ben, non soño:  
di o que tes á tua Sila,  
qu' o teu amor no me basta;  
porqu' o meu peito percisa  
ver calma n-a tua frente,  
n-os teus ollos alegría,  
amor n-as tuas palabras,  
e n-os teus beizos surrisa.

¿Qué me sirve que me queiras,  
nin que des por min a vida,  
se dende que nos casamos  
tan somentes pr' o chan miras  
y-están os teus ollos sempre  
cheos de bágoas cristalinas...?  
—Cala, condesa, non chores,  
durme e descansa tranquiá,  
que son os craros espellos  
d' a miñ' alma as tuas miniñas.  
S' estou trist' e porque coido  
cand' algunha vez me miras  
qu' os teus ollos sempr' ázules  
ten ora negras pupías,  
que son os ollos d' a morta  
que ben me quix' algun dia.  
Teus ollos que son a luz  
d' un amañacer docísima,  
vanse volvendo tan negros,  
condesa d' y-alma miña,  
com' a noite mais escura  
n' unha arboreda sumbría.  
Cand' os meus beizos se pousan  
n' esa amapola alcendida  
que tes por beizos, atopo  
d' a morte c' a neve fria  
e sinto os teus brazos tesos  
cal os d' unha estauta ríxeda,  
e xa non eres, meu ben,  
aquela dama garrida,  
branca, roxa e surrosada

a quen xurei n-a capilla  
d' o castelo amor eterno,  
senón unha rapaciña  
páleda, fraca, chorosa,  
que c' unha triste surrisa  
crav' en min us ollos negros  
cheos de melanconía,  
que me chama e quer levarme  
c' o ela pr' a outra vida.  
—Cala, conde, ti toleas,  
non des ôs soños ouidas.  
Naide te quixo n-o mundo,  
naide mais qu' a tua Sila...  
—Quíxome e morreu d' amor  
unha enfeliz rapaciña  
bunita com' unha estrela  
e de pai fidalgo filla.  
Pra lle labrar unha coba  
que for d' o seu corpo dina,  
vendeu o solar antigo,  
vendeu eidos e cortiñas  
o probe pai, e chorou  
sobr' aquela tomba fria  
día e noite sin cesar  
hastra qu' a y-alma dorida  
voûu ô ceo buscando  
o seu centr' alá derriba,  
ond' os márteres s' axuntan  
y-as brancas pombas aniñan.  
¿Non viche n-o adro d' a eirexa,  
cando fumos oir misa,



unha tomba nova e branca  
que por remate n-a cima  
ten unha hermosa doncella  
de branco mármol, vestida  
com' as doncellas fidalgas  
ten por costume n-as vilas?  
¿Non a viche estremecer  
cand' eu pas' e que me mira  
con amor e con tristura,  
e que cand' os bic' a brisa  
os seus cabelos se moven  
e seus beizos e sospira?  
—¡Cala, conde, non tolees!  
¡Tí soñaches ou delirias...!  
—Non soñei; mais vou morrer...  
adios, meu ben!, miña Sila!  
non m' olvides se non queres,  
qu' os meus ollos te presigan.





## XA VOLVEU

Xa está de volt' o habaneiro  
xa ven de cruzal-os mares,  
xa retorn-os patreos lares  
c' un gran bulso de diñeiro.  
Mais... pálelo está e sumbrío,  
perdeu aquelas cores  
que somellaban as frores  
que medran n-o meu resío.  
Non é aquil mozo valente  
que camiñaba dereito,  
agora sobre d' o peito  
sempre leva baixa a frente.  
Ten olladas abatidas  
os seus ollos que brilaban  
cand' as rapazas miraban  
como estrelas alcendidas.


Hoxe que nada lle falta  
qu' anda fart' e ben vestido  
o seu sembrante dorido  
pubrica con voz ben alta  
qu' está cheo de tristura  
aquil peito qu' algun dia  
era rico d' alegría  
anque probe de fartura.

Mentras qu' él atesouraba  
pra tragner tanto diñeiro,  
sonando c' un habaneiro  
unha velliña choraba.  
E choraba sin consolo  
sempr' agardand' agardando,  
á aquil que rind' e cantando,  
rolou de neno n-o colo.  
Os eidos mirab' en ermo  
o horreo falto de millo...  
¡o seu curazon sin fillo!  
¡o esprito soilo y-enfermo!  
E tanto, tanto choraron  
os ollos d' a probe vella,  
que d' una faixa bermella  
as bágoas llos roldearon.  
Entrou a fame n-a casa,  
detrás xusticia y-usura,  
y-a velliña en tal negrura  
vertendo pranto qu' abrasa  
decía á Dios de xinollos:  
«¡devólveme aquil filliño

qu' era sol d' o meu cariño  
e crara luz d' os meus ollos!»  
E tanto a enfeliz chorou,  
tantas bágoas derramaron  
os seus ollos, que secaron,  
y-a probe vella cegou.

E cando volveu d' Habana  
o fillo ric' e contento,  
d' alegría o sentimento  
matou á enfeliz anciana.  
Á recibil' hastr' a porta  
salíu, palpando, palpando  
e cand' a estaba abrazando  
caíulle n-os brazos morta.







## 'A MODA

¡Ou tempos aquiles  
de santa nocencia  
qu' o home se via  
cal Dios o fixera!  
Nin tiña xorobas  
nin tiña coxeiras  
y-alegr' amostraba  
as suas formas prefentas.  
Dempois ¡mal pocado!  
(causouno a soberba)  
escravo se fixo  
¡nunca tal fixera!  
d' o deño d' a moda  
qu' o trai n-a cadea.  
Aquela mazan  
qu' o home comera

foi a causa toda  
de tan grande perda;  
porque dend' estonces  
perdendo a nocenza  
percisou o home  
tragner vestimenta.  
O deño qu' é cuco  
anque non pareza  
vestíuse de cobra  
de gran intlixenza  
e con cen mintiras  
inganand' á Eva  
puxos' á dicirllle  
con melosa lingua:  
come d' esta froita  
e non seas besta,  
serás como Dios  
en poder e cencia  
y-andarás vestida  
com' hora se leva  
Satanás n-o ceo  
vestíu de soberba,  
qu' é unha tea nova  
de moita grandeza.  
¡Non seas tí cursi,  
veste d' esa tea! »  
¡Quén tal ll' anorciou...!  
Nunca Dios me dera!  
Pra xunta d' home  
foi con moita presa  
e dixoll' Adan

come esto sin pena  
y-unha gran coroa  
levarás n-a testa.  
Se cencia cobizas  
terás moita cencia:  
crearás cen mundos  
feitos â moderna  
que xa vai antigo  
o que Dios fixera.»  
Y-Adan por seguir  
a moda d' aquela,  
â Dios lle negou  
a santa obidanza.  
D' estonces acá  
a moda é a reina  
qu' ôs homes escravos  
trocou sobr' a terra.  
Ela ô seu antoxo  
o mundo goberna.  
Buscade n-hestorea  
cantas vestimentas  
o home trocou  
por mandatos d' ela.  
Cantos sacrificios  
a moda impuxera  
compríronse sempre  
con grande presteza.  
É diosa adourada,  
non é soilo reina,  
e n-os tempos d' hoxe  
sin fé nin creenzas



ten centos d' altares  
cheos de riquezas,  
e n-as suas aras  
de cote se queiman  
con moí lindo gusto  
honor e concencia.

Esto en cant' à y-alma  
qu' o corpo non deixa  
de faguer gustante  
dura penitenza.

Xa traguendo os pés  
metidos en prensa  
rubidos en zancos  
que tèn vara e media:  
xa a probe cintura  
en cárcere estreita  
feita con aceiros  
e duras ballenas,  
dobrase non pode  
(tamen se non creva)  
obrigada sempre  
á terse direita.

¡Ou diosa! non te m' anoxes  
qu' eu che farei reverenza,  
cando se trate de roupa  
anque me caya, de vella;  
pero déixame decir  
o que me diuta a concencia.  
Eiche decir cen verdades;  
mais direichas à moderna

eiche de chamar tirana  
tan somentes com' á reina,  
e pr' os que te chaman diosa  
eu chamareite quimeira;  
pois a moda xa pasou  
d' os dioses e d' as creenzas.  
Mais tí de moda non pasas,  
que tí es a moda mesma  
e como o fénix renaces  
y-enxamais te volves vella.  
E tiranizas ô mundo  
que necio baixa a cabeza  
acatand' as tuas leis  
c' unha servil ovidenza.  
Contra tí non se prenuncian  
nin os pobos nin a aldea  
e dend' a chouza hastr' o pazo  
en todo lugar imperas  
y-o mesmo c' os teus decretos  
o dengue y-a palramenta  
desterras, qu' as longas colas  
de terciopelo de seda.  
Mais eres reina croel,  
que tras a probe beleza  
tan mal parada, que dá  
mesmo lástema de vela.  
E non tés respet' á naide  
nin á saude respetas,  
y-hastra loitas c' o pudor  
aló n-as altas esferas,  
poñend' a tea n-o chan


e n-os hombros falla tea.  
'As mulleres que dou Dios  
com' os piñeiros direitas,  
puxécheslle unha xoroba,  
non sei se de lan ou d' herba,  
e nin podían sentare,  
porqu' o pulisón n' asenta.  
Tapach' as testas bunitas  
c' o diaño d' a perreira,  
e non sabía ninguén  
se brilaban de nocenza  
ou s' as lixara o bulleiro,  
porqu' iban todas cubertas.  
E dá noxo ver as caras  
qu' asomellaban estrelas,  
coma clonws enfariñadas;  
y-as xeitosiñas morenas  
que tiñan coiro de raso  
trocadas en muñeiras,  
tapand' as lindas cores  
que lles dou a natureza;  
porqu' á tí che s' antoxou  
qu' ás defuntas se parezan.

## II

E non son soilo as mulleres  
as que viven de tí escravas;  
tamén os homes che rinden  
cego culto d' alabancia  
e trocan cando tí queres

o gabán pol-a casaca  
y-ora o pantalón s' apertan  
ora o levan de campana;  
agora alargan o frac  
ora lle cortas as aás  
y-o día que che s' antoxe  
ô Congreso irán d' albarda.  
E non é n-a vestimenta  
o soilo ramo en que mandas,  
qu' as casas son os teus tempos  
cand' están ben alhaxadas,  
según n-os pródicos dín  
os revisteiros d' as damas.  
E tí despós d' as comidas  
o *menú* y-hastra d' a fala  
pois que nos trás d' o extranxeiro  
mais d' un cento de palabras.  
Nin n-os corpos soilamentes,  
tamén dominias n-as almas  
e trás e levas ideyas  
como trás e levas capas.  
Y-en fin... non quero esbarar,  
qu' esta miña pruma esbara  
e s' en redícolo cayo,  
qu' é cair n-a tua disgracea  
pra insecula seculorum  
perderei a gloria e fama.







## A BRUXA

Probe vellina encorbada  
baixo d' o peso d' os anos,  
que cicais os desenganos  
aumentaron y-o pesar.  
Negra, fraca e consumida  
pol-a fame y-a tristura  
esa enfeliz creatura  
cuasque cega de chorar.  
Vive soila c' os pesares  
sen que ninguen a condoya,  
soilo o pau en que s' apoya  
fai compañia o seu delor.  
Todol-a miran d' esguello  
e fuxen cand' ela pasa,  
e non hay chouza nin casa  
onde non inspire horror.

Nunca fixo mal á nadia;  
mais si se pon un miniño  
pouc' á pouco mirradiño,  
sempr' ela culpa ha de ter.  
Ela leva a culpa toda  
s' algun gado enferma ou morre:  
e nin ninguen a socorre,  
nin ninguen a pode ver.  
Y-a enfeliz namentres tanto,  
qu' é de todos maldecida  
pónse á pensar que n-a vida  
sempre lle tocou sufrir.  
Cand' era moza era probe  
e fea e naid' a miraba,  
ningun mozo a cortexaba  
y-en vez de se divertir  
n-as festas, choraba sempre  
bagullas que ninguen vía  
prant' ardente que caía  
enriba d' o curazon.  
Y-ora qu' é vella e s' atopa  
sen agarimo ni-emparo,  
aldráxana sen roparo,  
ninguen lle ten compaseon.





## A COROA

Rosiña ten os cabelos  
coma rayolas de sol  
y-as estrelas d' os seus ollos  
cobizan o resprandor;  
por cñtura ten un bimio  
e n-os seus beizos pousou  
n-unha acaseon unha abella  
coidando qu' era unha fror.  
Non hay moza mais garrida  
nin de millor pusiceon  
en tod' aquela parroquia  
ni en dez legoas ò redor.  
O seu pai qu' é un habaneiro  
ten gardadas n-un arcon  
mais de cen onzas en ouro  
que n-Amérecá ganou,



e ten unha casa grande  
con solaina y-un balcon  
de ferro, ond' ela pon frores,  
albaca e malvas d' olor.  
Tamen o pai de Rosiña  
ten unha xunta de bois  
y-unha vaquiña de leite  
y-unha porca con leitos,  
y-un hórreo cheo de millo  
y-unha tulla que... ¡meu Dios!  
se non ten pan pra tres anos  
ten-o ben certo pra dous.  
E ten Rosiña unha roupa  
que ninguén a ten millor,  
nin a mesma ama d' o abade  
pon fatelos qu' ela pon.  
En fin, qu' onde Rosa chega  
ningunha moza chegou;  
pois non hay unha mais linda  
nin hay un dote maor.  
E mais ós vintecinc' anos  
inda Rosa non casou,  
nin se lle viu un cortexo  
nin se lle presint' amor.

Non sei que ten tal rapaza,  
non sei que mal lle pegou  
que ten tal malenconía,  
qu' onde quixer qu' ela for  
sempr' está triste e parece  
qu' algunha pena lle doi.

Non quer ir ôs fiadeiros  
nin ir ond' haxa funciôs,  
c' os ollos sempre mazados,  
sempre parez que chorou.  
O seu pai vólvese tolo  
sin topar espricaceon  
á aquela negra tristura  
y-aquil aculto door.  
Non hay dubida, é mal d' ollo;  
algunha bruxa a mirou,  
algunha enviria lle quita  
a legría y-a color.  
E vai sumíndos' a moza  
y-en van o pai lle porpon  
ir á santuarios famosos  
ou xunta médecos bôs,  
qu' ela dí que non ten nada  
nin cousa algunha lle doi.

## II

Sin que ninguén sepia a causa  
d' aquil mal qu' a leva á coba,  
vaise mirrando, mirrando,  
a coitadiña de Rosa.  
E cando d' os castiñeiros  
can os ourizos y-as follas,  
morr' a moza mais garrida  
de dez legoas á redonda.  
N-unha caixa com' a neve  
meteuna seu pai de morta,

tod' empanada de branco  
con mant' azul e coroa  
sobre d' a frente d' anacre  
e d' a cabeleira roxa.


¡Probe moza! o seu sacreto  
levou o fondo d' a focha,  
ninguen lle soupo n-o mundo  
qu' ela adouraba unha sombra,  
que soñaba un imposibre,  
que d' amor estaba tola  
por un ser que nunca vira  
que nunca tivera forma.  
Ind' era Rosa pequena,  
inda non chegara á moza  
unha xitana lle dixo:  
«has de medrar tan hermosa  
que n-ha d' haber n-esta terra  
home dino de tal xoya;  
pero tú non t' apesares,  
qu' ha de vir de terras longas  
un príncepe poderoso  
á tragerch' unha coroa.  
Xa verás, miña princesa,  
como n-hay n-a terra toda  
rapaza mais ben querida  
nin casada mais dichosa.»

Dend' estonces a coitada  
non s' esquenceu unha hora  
d' aquil príncepe soñado

e n-o seu peit' amorosa  
gardóulle fé y-adourouno  
e sempre soña que soña,  
agardou cada mañá  
á aquil que de terras longas  
ll' había tragner venturas  
que n-a terra non se gozan.

E veu por fin de moi lonxe...  
d' a eternidá pavorosa  
a morte c' o seu poder  
á tragnerll' unha coroa.







## ELDEFREDA

D' o seu pazo n-o xardín  
c' as suas damas se pasea  
sempre trist' e pesarosa  
a hermosísima Eldefreda.  
Ninguen sabe porque sofre:  
porque tan fonda é a pena  
que non sai o pranto òs ollos,  
n-o mesmo peito se queda.  
Mais ela perd' as cores  
y-o seu sembrant' asomella  
pol-a páleda brancura  
unha cándeda azucea.  
—Deixáime, quero estar soila,  
dice ás suas camareiras,  
chamarei se vos perciso,

senon en cant' anoiteza  
virédesm' acompañar  
baix' a frondosa arboreda.

—Por fin deixáronme soila  
pra chorar as miñas penas,  
escrama con voz dorida  
a desdichada princesa,  
e poido deixar correr  
estas bagullas que queiman,  
este pranto que m' abrasa  
cando n-o peito me queda.»  
O príncepe Remismario  
que ve dende lonx' á reina  
tan trist' e tan solitaria  
quer saber d' a súa pena  
a causa, e con gran carino  
veuse poñer preto d' ela.  
—¿Qué tendes, miña señora?  
dí con voz agasalleira,  
¿qué tendes que xa fai tempo  
qu' a vosa tristura negra  
anubr' o voso sembrante  
com' anubr' o ceo a brétema?  
Non gardés n-o voso peito  
as vosas amargas penas  
pois tendes un peito amigo  
que vos ame e compadeza;  
estou eu o voso lado,  
quen vos anoxou que trema,  
pois correrei á vingarvos

com' o meu peito decreta.  
Sempre fostes alegría,  
d' a cort' a vosa beleza  
era com' un craro sol  
qu' ô mund' enteïro alomea.  
Vos n-o pazo d' o meu pai  
sodes diosa, que non reina  
y-un altar o voso trono  
y-as vosas prantas se queiman  
cen almas en holocausto  
d' amor, porque sodes bella.  
Vos tendes rayos d' o sol  
trenzados n-a cabeleira  
e d' a luz d' os vosos ollos  
teñen cobiza as estrelas;  
amostrades ô sorrir  
a vosa boca pequena,  
n-un estuchiño de grana  
dous brancos fios de pelras,  
y-o voso corpo lanzal  
teñen cobiza as palmeiras.  
Pra vos pintar xuntou Dios  
rosas, nacre y-azuceas  
e fíxovos tan hermosa  
como cicais fixo á Eva.  
Por voso amor o meu pai  
a relixión verdadeira  
deixou, e dávos a y-alma  
dispreceando a gloria aterna.  
¡y-apesar de tanto amor  
non estades satisfeita!



Hermosa, reina y-amada...  
¿por qué chorás, Eldefreda?  
¿Qué tedes, miña señora?  
Decídem' a vosa pena  
y-á costa d' a miña vida,  
se podo, remediareina.»  
—¿Qué teño dis, Remismario?  
Qu' esta coroa me pesa,  
que quixera ser escrava  
e non quixera ser reina;  
pois tendo o curazon libre  
pra escoller á quen quixera,  
send' escrava me surrira  
e choro sendo princesa.  
Am' á un home con loucura,  
c' unha paseon tan intensa,  
que por un dia d' amor  
gustant' a vida lle dera,  
y-él n-os meus ollos non ve  
d' est' amor a lavareda.»  
—Por Dios señora, calade,  
dí Remismario con pena  
¡calai que poiden oírvos!  
que ninguen n-o mundo sepia  
que puiden oír con calma  
tan estrana confianza.  
Que ninguen sepia qu' un fillo  
escoitou d' esta maneira  
decir qu' adora outro home  
d' o seu pai a muller mesma.  
Eu choro os vossos pesares

e maldigo â sorte negra  
que non premite qu' eu poida  
â costa d' a vida enteira  
sin lle faltar ô meu pai  
aliviar as vosas penas.  
Eu tamen, miña señora,  
ser hoxe escravo quixera  
millor que fillo d' un rey  
qu' aguarda unha rica herencia.  
Mais s' a miña sangue toda  
unha bagulla xiquera,  
pod' aforrar á eses ollos  
qu' ôs luceiros asomellan,  
mandade pronto e veredes  
que gustante vertereina.»  
—Tí non sabes, Remismario,  
dí con paseon Eldefreda,  
tí non sabes os tesouros  
que n-o meu peito s' encerran.  
Tí non conoces d' amor  
a irresistibre fogueira  
qu' o curazon abrasando  
pra sufrir a vida deixa.  
Tí non amas á ninguen  
non é estrano que non vexas  
o meu amor n-os meus ollos  
y-o meu pesar non comprendas.  
Mais pois a vida m' ofreces  
pra calmar as miñas penas,  
¡dam' unha hora d' amor  
y-eu dareich' a vida enteira!»

—¡Señora! dí Remismario  
 ¡ou son eu o que tolea  
 ou vos a qu' estades tola  
 y-escoitarvos dame penal!  
 Sodes muller d' o meu pai  
 y-ademais a miña reina...  
 y-anque meu peito dorido  
 n-o mesmo lume s' alcenda,  
 fuxirei lonxe de vos  
 onde nunca mais vos vexa.

## II

Antr' as sombras d' a noite  
 velozmente camiña  
 o príncipe Remismario  
 direitiñ' á Talamina.  
 Él non trem' á soedá  
 nin trem' á noite sumbría,  
 qu' o pesar lle fai compañã  
 e d' él en vano fuxira.  
 Leva xa branco d' escuma  
 o bridon de mais estima  
 que n-as cadras ten o rey  
 e sen compaseon o aguixa.

Xa caeu o nobre bruto  
 reventado de fatiga,  
 mais Remismario non cansa;  
 trepando toxos y-espiñas  
 sigue hastr' o forte castelo

ond' está a probe Gualmira  
chorando d' amor antigo  
os recsordo d' alegría;  
onde pasa de tristura  
e negra melanconía  
longas noites sin estrelas:  
sempr' anubradol-os dias  
sen mais rayolas de sol  
qu' as rarísemas visitas  
qu' os seus filliños lle fan;  
pois anqu' ela querería  
telos n-a sua compañia  
pra consolo d' a sua vida,  
non pode ser, porqu' o rey  
qu' é seu pai, dí qu' os percisa  
pr' ornamento d' o seu pazo  
y-esperanza de Galicia,  
pois que d' a reina Eldefreda  
non tivo nunca familia.  
Alí antigos desvaríos  
á qu' a paseon a empelira  
a enfeliz chora sin tregoa  
pra qu' as bagullas rediman  
os crímes que cometeu  
antre bicos e surrisas.  
En canto ve á Remismario  
en vez de ter alegría,  
c' un negro presentemento  
unha disgracea adiviña.  
—¿Qué tes, lle dí, meu filliño,  
qu' a tua testa sumbría

m' anuncea qu' un gran pesar  
ennegrece a tua vida?  
—¡Ay! ¡eu morro, miña nai?  
déixame chorar, naiciña,  
qu' o chorar non m' avergonza,  
pois non é de cobardía,  
qu' enxamais estremeçín  
diante d' a espada anemiga  
y-ora choro y-estremezo  
ant' a ruin sorte miña.  
A miña madrasca está  
n-o meu amor alcendida  
y-eu morro d' amor por ela...  
¡é tan moza e tan bunita!  
per' é muller d' o meu pai  
y-a miñ' alma combatida  
antr' o deber y-a paseon  
loita en croel agunía,  
eu c' o meu amor loitando  
acultei a paseon miña,  
pero ô mirala chorar,  
ô escoitala que soprica,  
pidindo un dia d' amor  
en troques d' a sua vida,  
eu toleo, miña nai,  
a miña razon deliria.  
Vou fuxir lonxe, moi lonxe,  
ond' ela non me presiga,  
c' os seus sospiros amantes,  
c' aquela triste sursisa,  
c' aquel encendio voraz

qu' arde n-as suas meniñas.  
—Non, meu fillo, tí non fuxas  
que tí débest' á Galicia.  
Garda n-o fondo d' o peito  
esa paseon escondida,  
volvé ô pazo d' o teu pai,  
mostra a tua valentía  
en vencesese amor,  
esa paseon maldecida.  
Cand' un amor creminal  
n-o noso peito s' aniña  
arrincar o curazon  
debemos con santa ira,  
se non queremos durmir  
sempre n-un leito d' espiñas.  
Mírate n-o meu espello  
e dí se me tes cobiza.  
Eu por querer o teu pai  
aneguei a miña vida  
n-un mar de bágoas e sangue.  
Fun cómprece sen malicia  
d' unha vinganza croel,  
fun adultra y-homecida,  
o meu home asesinado  
n-a mesma cámara miña  
foi por teu pai pra vingar  
á sua nai Evorina.  
Dempois d' a miña paseon  
escrava sempre, sumisa,  
pra darll' o reino que ten  
eu mesma fun asesina,

y-on home mintindo amor  
emponzoñeill' a bebida,  
y-eu en premeo recibín  
unha coroa de espiñas;  
qu' a coroa qu' eu lle dera  
puxoa n-a sen d' esa arpía,  
que dempois d' o meu amor  
róubam' hora a tua vida,  
pois xa n-o mundo non podes  
meu filliño topar dichas.  
Mais o pazo d' o teu pai  
non deixes, prenda querida,  
pois un dia has de cinguir  
a coroa de Galicia.  
Non fuxas, que ninguen sepia  
que tanto Dios me castiga  
que vexo un fillo adourado  
pra sempre sen alegría.»

## III

Xa retorna Remismario  
por consello d' a sua nai  
c' o curazon en anacos  
de Lugo á ciudade rial.  
Diante d' él ábrens' as portas;  
pero vólvense á pechar  
en cant' él as vai pasando,  
e por doquer queda xa  
a ciudade sin saída,  
mais él n-o seu trist' afan

nada ropara y-ô pazo  
se dirixe d' o seu pai.  
Están as portas abertas  
y-on silenzo sipurcral  
reina n-él, d' unha disgracea  
como presaxio cicais.  
Todal-as portas se pechan  
conform' él pasando vai,  
y-él sin pensalo estremece  
oubind' o ruído que fan.  
Chega d' o seu pai á porta  
per' a cámara rial  
está pechada, e tremendo  
c' alma chea de pesar,  
en busca d' un peit' amigo  
vaise xunto d' os hirmás...  
¡tampouc' a porta está aberta!  
y-en van s' esforza á chamar;  
pois que ninguen lle responde.  
Presas d' angustea mortal  
diríxese á súa estanza  
e cando certa á pasar  
diant' a cámara d' a reina  
ve qu' aquela porta está  
tan soilament' entornada,  
y-enton vótas' á chorar,  
e treméndo' á sí mesmo  
e desfalecido xa,  
vais' acultar n-o seu carto  
qu' aberto de par en par,  
parez que lle brinda calma



e silencio e soedá.  
Mais non ben él a traspon  
péchas' a porta detrás  
e con asombro infinito  
vese derrubado ô chan.

## IV

Unha lámpara tan soilo  
con luz páleda alomea  
a estanza de Remismario  
e todo é silencio n-ela:  
cóbrena panos de loito  
e n-o medio hay unha mesa  
q' un pano d' a mesma côr  
ten enriba por cubertá,  
e sobre d' ela hay un corpo  
moi garrido sen cabeza.

Descansand' anque non dorme  
a hermosísima Eldefreda,  
comprida a sua vinganza,  
xa s' atopa satisfeita.  
O seu carto mand' o rey  
n-unha dourada bandexa  
d' o doncel infortunado  
a ensanguentada cabeza.  
Y-o paxe qu' aquil persente  
n-o nome d' o rey lle leva,  
dí mostrándolla: señora,  
o qu' hastra tí s' estrevera

á levantar os seus ollos  
sendo tan honrada e reina,  
xa morreu e non t' aldraxa  
nin c' a mirada xiquera.

Durme pois en paz, señora;  
pois xa ves com' escarmenta  
o rey ós teus anemigos  
sen qu' á sua sangue mesma  
lle perdoe cando fan  
á sua muller ofensa.»

Chea d' infam' alegría  
a vingatible Eldefreda  
respondeu: dádelles graceas  
ô rey, pois d' a miñ' afrenta  
tomou venganzā comprida  
a sua xusticia reuta.

Decille, qu' o meu amor  
pagará tanta fineza,  
gardándolle no meu peito  
mentres me dure a eusistenza  
o meu curazon escravo  
de fidelidade aterna.»

En canto o paxe se vai,  
en canto soila se queda  
escrama: ¡xa me vinguei!  
¡ay d' o qu' á min me dispreza!  
¡Ay de quen d' o meu amor  
auga lle vot' a fogueira!  
que cand' en odeo se troca  
corro á vinganza direita,

sen qu' ostácolos m' aparten  
nin temores me deteñan.

## V

C' os cabelos destrenzados  
c' a voz rouca de chorar,  
c' os ollos de sangue cheos  
chega á cámara rial  
unha muller cuas que tola  
que non fai mais que berrar:  
¿ond' está d' o meu filliño  
a matadora...? ¿ond' está...?  
que quero arrincarll' os ollos  
con qu' o chegou á mirar.  
¡Caluniadora...! ¡rameira!  
ponte diante d' a sua nai,  
olla, se podes mirarme  
muller infame ¿ond' estás?

Eldefreda paledece  
y-escond' a cara antr' as maus.  
—¡Non cales! dam' o meu fillo  
que fixech' asesinar,  
(n-o parosismo d' a ira  
berra a desdichada nai)  
dam' o meu filliño, hena  
que comes sangue rial.  
¡Ay de tí, que non coidache  
qu' hay quen-o poida vingar!  
qu' hay quen sabe qu' o teu peito

arde en lume criminal.  
¡Ay de tí, caluniadora!  
¡Treme d' esta probe nai  
qu' ha beber a tua sangue  
con delicia e con afan.  
Tí me quitach' un filliño  
y-eu non che poido quitar  
ningun, porque Dios negouche  
tan pura felicidadá;  
mais d' o trono en que te ves  
¡vive Dios! heite botar  
e com' as cobras n-a lama  
longa vida pasarás.  
Porqu' eu non quero que morras  
que fora pouco penar  
pra una adultra y-asesina  
que troca n-un mostro á un pai.  
Eu quero a tua agunía  
longa e croel presentzar.  
¡Quero ver com' estremeceas  
como t' arrastras n-o chan!  
Eu quero ver os teus ollos  
cegos de tanto chorar!  
¡Quero ver os teus cabelos  
qu' ô sol cobiza lle dan  
pol-o chau espaxados,  
porqu' as tuas propeas maus,  
c' o dôr d' a y-alma os arrinquen  
cando xa non poidas mais!»

## VI

'As voces que dá Gualmira  
chega o rey á cabo d' ela  
e dí: ¿com' así t' estreves  
á miña muller? ¿á reina?  
¿Iñoras com' eu castigo  
ós qu' osaren ofendela?  
Por esta vez che perdono  
porqu' estás tola de pena;  
mais sai d' o pazo enseguida.  
Vaite lonxe d' estas terras  
e non volvas d' o meu reino  
á traspoñer as fronteiras.»  
—¡Ah señor! ¿Conque me botas  
fora d' a tua presenza  
mentres que surrí o teu lado  
esa muller que t' afrenda,  
que n-os brazos d' o teu fillo  
amores buscaba tenra,  
e porqu' él a despezou  
pidiuch' a sua cabeza?  
—Eso non pode ser certo  
tí soñaches, ou toleas,  
porque senon é impusibre  
que diante de min t' estrevas  
á facerlle tal aldraxe  
á tua señora e reina.  
—Non é mintira, señor,

que che respond' ela mesma  
e qu' erga ante min se pode  
e se ten valor, a testa...

¿Non ves, señor, como cala?

¿Non ves como ten cuberta  
a cara c' as duas maus  
e como o crime lle pesa,  
erguer non pod' ante min,  
por mais que faga a cabeza?

—¡Ay Dios! crama o rey furioso.

¿Por qué calas, Eldefreda?

¿É verdade tanto horror?

¿É verdade que tí mesma  
non podes unha palabra  
decir n-a tua defensa?»

—¡Fala, berralle Gualmira,  
¡fala si podes, panteira!

¿Non é verdade que tí  
sospirando ll' oferceras  
d' o teu amor os tesouros,  
e qu' él fuxindo de presa  
te dispreceou e non quixo  
ô seu pai faguer ofensa?

—¡É verdade! sospirou  
a desdichada Eldefreda.

## VII

Moi preto de Mondoñedo  
está a Serra-Faladora,  
ond' ainda d' Eldefreda

os tristes berros s' escoitan.  
Inda hox' ôs pasaxeiros  
con voz doente lles roga:  
—¡Matáime por compaseon,  
qu' a miña culpa traidora  
está xa ben castigada  
e xa é tempo dè qu' eu morra!  
Os hirmaus de Remismario  
metéronme n-esta coba  
e conmigo está encerrada  
aquela cabeza hermosa  
qu' eu ameí y-aborrecín,  
e d' o sangue qu' ela bota  
estou eu sempre tinguída,  
sempre me vexo lixosa.  
¡Matáime! ¡por compáseon!  
¡Faguei esa boa obra!»

Nunca pasedes de noite  
pol-a Serra-Faladora  
se non querés d' Eldefreda  
escoitar a voz chorosa





## NOITE CRARA

En Belen naceu un neno  
que parec' un sol  
y-os ángeles cantan  
dicindo qu' é Dios.  
Vinde zagaliñas  
á bicarl' os pés:  
veredes que lindo,  
que roxiño é.


O colo unha Virxen  
qu' é Virxen e nai  
ô Dios feito neno  
por berce lle dá.  
Vinde zagaliñas  
á bicarl' os pés,  
e despois de velo  
podedes morrer.



¡Qué berce mais brando  
t' arrola, Xesús!  
¡Qué leito mais duro  
t' agarda n-a cruz!  
Vinde zagaliñas  
á bicarll' os pés,  
que por amor noso  
veu á padecer.

N-é noite d' inverno  
é día de sol  
qu' o Dios qu' hox' é nado  
quéimase d' amor.  
Vinde zagaliñas  
á bicarll' os pés  
ô neno mais lindo  
qu' arrolou muller.


Hoxe brila a estrela  
d' a felicidade,  
baixou Dios ô mundo  
pra virnos buscar.  
Correi zagaliñas  
á bicarll' os pés;  
que cand' él se vaya  
nos leve co' él.





## N-O ALBUM DE CARME MALVAR

Uchiña d' as alabancias  
sonch' os albums d' as hermosas  
onde gardan pra vellez  
canto de quinc' atesouran,  
pra ll' amostar ôs netiños  
aquil moedeiro de gorrias.  
Garda o teu album, Carmiña,  
e gardao ben, pra que poidas  
decir mañán qu' eu tamen  
dixen de tí ¡vaiche boa!  
¡Vaya unha nena garrida!  
¡Vaya unha nena xeitosa!  
¡Qué voz de crube, meu Dios!  
¿Terá un reiseñor n-a gorxa?





## PREGAREA

Branca azucea d' os ceos,  
linda fror de Xericó,  
d' os vals lirio perfumado  
doce encanto d' o Señor.

Homilde violeta santa  
de perfume celesteal,  
palma de sombra bendita  
mística oliva de paz.

De Xacob segura escada,  
groria de Xerusalen,  
rosa cercada d' espiñas,  
priciosa silva d' Horeb.

Suave nardo qu' embalsama  
con esencia pura o dôr,  
Virxen santa sen mancilla,  
Nai hermosa d' o meu Dios.

Non me negues teu emparo  
pois eres virxen e nai  
guíame á porto seguro  
locent' estrela d' o mar.





## MÚSCHAS

A brisa sospirando  
pol-o souto vai  
falando c' as follas  
que cobren o chan,  
dicindo: ¡coitadas!  
¡qué múschas estás!  
¿Qué foi d' aquil tempo  
de felicidadá?  
¿Qué foi d' aquil Mayo  
de ledas mañás  
en qu' eu tan gozosa  
vos viña bicar?  
¿Qué foi d' os paxaros  
que con doce afan  
ôs aires lanzaban

seu grato cantar  
y-a vosa frescura  
buscaban n-o vran?  
¿Qué foi d' o regato  
de limpo cristal  
qu' era crar' espello  
onde vos mirar?  
D' o sol esprendente  
¿ond' os rayos van  
qu' as pelras d' orballo  
faguían brilar?  
¡Probes! ¡coitadiñas!  
¡qué múschas estás!

Revólvens' as follas  
ruxindo n-o chan  
e todas á un tempo  
pertenden falar.  
Unha dille ¡escoita!  
y-outra dí ¡calai!  
qu' esa hestoria triste  
quéroll' eu contar.  
E fan remuiños  
e veñen e van  
e trócanse en polvo  
de tanto loitar.  
Por fin o ruxido  
que revoltas fan  
asosega, e tornan  
todas á calar.  
A bris que non cala

con curioso afan  
¿qué foi d' aquil tempo?  
torna á perguntar.  
E roxen as follas  
y-en voz sipulcral  
xemendo responden:  
«escoita e sabrás.  
Os ledos paxaros  
calados están  
mortiños de fame  
de frio ou pesar.  
Avolt' o regato  
n-é limpo cristal  
nin prata bruñida  
que poida brilar;  
en bulleiro envoltos  
arrastrando vai  
os tristes cadávres  
d' as nosas hirmás.  
O sol xa non quenta  
nin alomea xa;  
envolveit' en nubes  
o gran lumiar  
somella un defunto  
qu' empanad' está.  
e nós... ¡mal pocados!  
rodando n-o chan  
ô pé d' estes árbres  
que son nosos pais  
estamos tremendo  
qu' o vent' ô pasar



nos leve moi lonxe  
n-as potentes aás.»

Calaron as follas  
bruou o huracán  
y-os ceos choraron  
de pena cicais.





## A VIRXEN DE MONDIL

Dios te salve Eva sin mancha  
d' o mundo corredentora,  
d' o sol de xusticia aurora,  
tesouro d' encantos mil,  
fror qu' estes campos alegras,  
crara fonte cristalina:  
salve, princesa divina,  
Santa Virxen de Mondil.

Dios te salve, Sara hermosa,  
nai d' este pobo cristiano,  
sol hermoso e soberano,  
d' o ceo adorno xentil,  
lindo caravel cheiroso  
de corola pelegrina  
que garda esencia divina,  
Santa Virxen de Mondil.

Salve, Xudit poderosa,  
nova Raquel agraceada,  
d' o ceo porta sagrada,  
torre erguida de marfil,  
astro de prácedo brilo  
crara estrela matutina:  
Salve, princesa divina,  
Santa Virxen de Mondil.





## A NAI D' O SOLDADO

### I

¡CÓMO CHOVE!

¡Cómo chove! As pingas d' auga  
fan n-os vidros ¡chís! ¡chís! ¡chás!  
o vento xeme n-a serra  
e n-o curro oubea o can,  
que cicais presint' ô lobo  
que fuxind' a tempestá,  
pechou os ollos locentes  
e trompicando cicais  
perdeu o estreito camiño  
qu' antr' os toxos fixo xa  
de tanto sair d' a coba  
e vir de car' ô lugar.  
¡Cómo chove fora e dentro!  
¡Cómo brua o vendaval!

Hastr' está morrend' o lume,  
 pois pol-a bufarda can  
 pingas d' auga y-entra o vento  
 e barr' a cinsa d' o lar  
 ¿Ond' estarás meu filliño?  
 ¡Meu filliño! ¿ond' estarás?  
 ¿Onde pasarás a noite  
 mentres chora a tua nai...?  
 Cicais, meu amor, morrendo  
 sin que ch' eu poida pechar  
 aquiles ollos tan lindos  
 que daban tal craridá  
 qu' esta noite fora día  
 s' eu os chegase á mirar.


## II

¡SEMPRE É INVERNO!

Ist' ano n-hay primaveira  
 tod' é inverno, ¡santo Dios!  
 ¡hastr' os pitiños non nacen!  
 ¡hastr' as galiñas non pon!  
 Os añaños non rebuldan  
 d' as ovellas en redor...  
 cuasque non verdex' o campo  
 ¡meu Dios! ¡se non quenta o sol!  
 S' eu tremo sempre c' o frio  
 dendes qu' o rapás marchou...  
 nin cantan os paxariños...  
 eu non ouzo o reiseñor.

Tod' está durmind' e mudo  
dendes qu' o meu curazon  
está triste y-afrixido,  
dendes qu' o rei me levou  
aquela prenda adourada  
que vida y-animaceon  
dab' á canto ven os ollos  
á cant' alenta en redor;  
os meus ollos cheos de bagoas  
nunca ven a luz d' o sol.  
¿Ond' estarás, meu filliño?  
¿Ond' estarás, meu amor...?







## 'A CARIDÁ

Salve, raudal cristalino  
qu' as nosas culpas lavache  
cando d' o peito brotache  
d' Aquil que morreu por nos;  
labareda inestinguibre  
de resprandor soberano  
que n-o curazon cristiano  
alcend' o sopro de Dios.

Salve, cravel alcendido  
fror qu' antre espiñas naciche  
cando o teu cález abriche  
n-o tronco santo d' a cruz;  
fror que con sangue regada  
fuche d' un Dios verdadeiro,  
Salve, divino luceiro,  
qu' enches o mundo de luz.







## O BERCE VALEIRO

Cuberto d' encaixes  
con sábas d' holan  
un berce dourado  
proparad' está.  
N-a colcha de raso  
as meigas cicais  
con ouro e con sedas  
poideron bordar  
guirnaldas de frores;  
pois con primor tal  
muller d' este mundo  
non bordou xamais.  
De fadas teceron  
envisibres maus  
os ricos encaixes  
d' os brancos pañás,

que parecen feitos  
d' escumas d' o mar.

Xa naceu o herdeiro...  
¡qué gozo! ¡calai...!  
¡non chora o miniño!  
¿Cóm' esto será?  
¿Os ricos non nacen  
tamén pra chorar?...  
O pequeno conde  
naceu morto xa.





## Á MARÍA SANTÍSIMA

N-A SUA ASUNCEON

Branca pombiña que rubes  
de paz doce mensaxeira  
cruzand' esa azul esfeira  
pra chegar hastra teu Dios,  
non nos deixes n-o val triste  
qu' é todo prant' e negrura  
dóyate a nosa amargura,  
¡ouh nai! ¡lévanos en pos!

Pura alegría d' os ceos  
que xa d' a terra t' aleixas,  
ten piedá d' as nosas queixas  
¡ouh Santa nai d' o meu Dios!  
O mund' é triste e sumbrío  
d' o ceo sin-a luz pura,  
dóyate a nosa amargura  
¡ouh nai! ¡lévanos en pos!

De Dios pai filla querida,  
de Dios fillo nai amada,  
doce esposa imaculada  
c' o Santo Esprito de Dios,  
linda aurora qu' alomeas  
o mundo co' a tua hermosura,  
dóyate a nosa amargura  
¡ouh nai! ¡lévanos en pos!

E cand' a morte nos chame  
c' a sua voz aterradora,  
se tí a nosa proteutora  
n-o santo xuicio de Dios.  
Fai qu' ô teu lado gocemos  
groria en finita e ventura,  
dóyate a nosa amargura  
¡ouh nai! ¡lévanos en pos!





## DIO-L-EMPAIRE

Probe nai, leva n-o colo  
mais qu' un miniño un cadávre  
que xa nin poide chorar  
anqu' aguniza de fame.  
¡Probe nai que ten o seo  
sec' á forza de pesares  
e ve morrer o miniño  
e nada ten pra lle dare!  
Probe nai, de port' en porta  
sempre oindo ¡Dio-l-empaire...!  
ind' é moza y-é rigusta,  
¡vaya con Dios e traballe!  
¡Vot' á encrusa ese rapaz,  
qu' é un pretexto de folgare!»

.....

¡Votar á encrusa un pequeno  
qu' é sua felicidade...!  
¡Qué xa rí, que xa gralea...  
que ten os ollos d' un ánxel,  
qu' é o mais bunito que Dios  
puido n-o mundo criare...!  
¡Votar á encrusa un filliño  
pra que cicais o maltraten...!  
¡Xamais...! millor é que morra  
n-o colo d' a nai de fame.  
¡Probe roliña viuda  
que non tivo ond' aniñare!  
sempre por portas alleas,  
farta de penas y-aldraxes,  
por todo consolo oindo  
¡Vaya con Dios! ¡Diol-empare!  
Dios emparouna por fin,  
doull' a coroa d' os mártires.  
C' o seu filliño n-o colo  
morreu de frio e de fame  
e tivo qu' ir a xusticia  
erguer entrambos cadávres.





## ALBORADA

Esperta, meu ben querido,  
miña xoya, abr' os ollos  
que x' o sol pol-os outeiros  
vai tendend' o manto d' ouro.  
Com' esmeraldas xigantes  
brilan os altos picoutos,  
prata líqueda os regatos  
sobr' o seu leito de croyos  
arrastran, pra que de espello  
podia servir o teu rostro.  
Antr' os frondosos carballos  
fan os páxaros un coro  
pra cantar a tua beleza,  
sol sorprendente y-hermoso.  
As frores d' o seu perfume  
xa espaxen o tesouro.



D' os teus beizos encarnados  
o caravel oloroso  
abre, meu ben, meu feitizo,  
que cho pido de xinollos.  
Deixa o leito, queridiña,  
deixa xa ese doce sono,  
dame, sol d' o curazon,  
a crara luz d' os meus ollos.





## ONTE E HOXE

### I

Inda foi onte, cand' alá en Belen  
oubía a doce nai cantos de gloria  
vivas están aínda n-a mamoria  
as primeiras surrisas d' o seu ben.

Inda foi onte. A noite estaba fría  
y-o miniño tremendo tiritaba;  
mais no colo d' a nai qu' o acurrunchaba  
abrindo os beizos roxos se surría.

¡Qué lindo estaba estonces o miniño!  
¡Qué gozo estonces tiña a nai n-o peito!  
¡Qué brand' e agarimoso era aquil leito  
c' o a calor materna! abrigadiño!

Os ángeles á Dios alá n-altura  
hinos de gloria sin cesar cantaban  
y-ô home paz n-a terra ll' anonciaban  
y-aternas horas de sin par ventura.

Ind' era neno cand' antre doutores  
discutía n-o tempo ademirando  
os sábeos, que pasmaban contemprando  
d' aquil divino sol os respradores.

N-as bodas de Caná ¡qué venturanza!  
fai un milagre pol-a vez primeira  
demostrando qu' é Dios d' esta maneira  
e qu' a rogos d' a nai todo s' alcanza.

Cando perdica, d' a divina boca  
as almas ten pendentes ôs millares,  
c' a sua doce voz sosega os mares  
y-os mortos rezusitan s' él os toca.

Dempois ¡qué trunfo n-a ciudade santa  
como fillo de Dios é procamado  
e ¡hosana! á aquil Mesías esperado  
o pobo enteiro con pracer lle canta.

## II

¿Qué foi d' aquiles tempos, Virxen pura?  
¿Qué foi d' aquelas santas alegrías?  
¿Quén tivo tal poder qu' os craros días  
cambeóu n-unha noite tan escura?

¡Xa todo se pasou! Xa d' os pastores  
as cándedas fequras se trocaron  
n-as de feros sayós qu' atromentaron  
aquil amor de todos teus amores.

Aínda as verdes follas d' o loureiro  
van regand' as bagullas que tí choras  
y-o pobo qu' o acramou fai poucas horas,  
ora impostor lle chama e mintireiro.

Ise qu' atopas, Virxen delorida  
n-a calle ensanguentada d' a Amargura,  
¿é aquil divino sol de lume pura,  
que dou c' o seu poder ôs mundos vida?

Ise que cai baixo d' a cruz agora  
cuase xa morto de delor e pena  
¿é aquil que perdoou á Magdalena  
e desfendeu á adutra pecadora...?

## III

Xa está posto n-a cruz o teu filliño,  
com' en Belen desnud' e tiritando...  
mais íl non se surrí... tí estás chorando...  
¡darlle calor non pod' o teu cariño!

Aquiles ollos ond' o sol tomaba  
rayos de luz pr' alomear ô dia  
pechadiños están, Virxen María,  
morreu o sol qu' á tí t' alomeaba,

Enmudeceu d' os ángeles o canto...  
cobríus' o mundo de tenebra escura...  
anegóuse o teu peito n-amargura...  
¡espírou aquíl Dios tres veces santo!





## O LEREZ

Lerez, raudal de poesía  
ond' as mesmas musas beben  
lindo espello cristalino  
que fixo Dios solamente  
pra copear d' o azul d' o ceo  
a hermosura sorprendente,  
cinta de prata bruñida  
qu' olras o manto d' Helenes,  
d' esa ciudade dichosa  
que foi nai de tantos héroes,  
cuyos sonos tí arrolaches  
c' o romor d' as tuas correntes.  
Pra cantar as tuas bellezas  
qu' enxamais a y-alm' esquence,  
quixera qu' a miña arpa  
n-as suas cordas tivese,

os ecos d' os teus murmuxos  
cando corres mainamente,  
d' os reiseñores que cantan  
n-as tuas ribeiras verdes  
a voz enfeitizadora  
y-o doce acento que teñen  
os céfiros qu' antre frores  
dempois de bicarte xemen.  
¿Quén te viu unha vez soila  
que non cobice pra sempre  
vivir n-as tuas ribeiras,  
beber n-as tuas correntes?  
¡Quén poidera, hermoso río!  
¡quén poidera, lindo Lerez  
ter unha probe chouciña  
unha chouza soilamentes  
antre frondas y-antre frores  
n-as tuas ribeiras verdes!  
Non cobizara d' os pazos  
nin riquezas nin praceres;  
com' os páxaros n-o niño  
cantando con voz alegre  
ô compás d' as tuas augas,  
que corren tan docemente,  
d' o mund' enteiro esquencida  
viviría feliz sempre.


## II

Quen poidera Lerez lindo  
pasar a vida dichosa

tendo n-as tuas ribeiras  
sempre verdes e frondosas,  
un eidiño pequerrecho,  
unha vaquiña, unha chouza,  
un lar cheiño de lume  
e d' amor, coma n-a groria  
moitos ánxeles roxiños,  
d' o curazon lindas xoyas,  
d' arredor sempre brincando,  
d' a miña vellez coroa.  
¿Quén trocara tanta dicha,  
paz tan rica e vinturosa,  
nin por un trono n-a terra  
nin por un canto n-a groria?

Lerez, espello divino,  
que tés de mirtos e rosas,  
de loureiros e naranxos,  
de lirios e d' amapolas,  
d' azuceas com' a neve  
e de campanillas roxas  
con caraveles tecidas  
unha guirnalda preciosa,  
un marco sempre frorido  
dina caixa de tal xoya:  
dame n-as tuas ribeiras  
sempre verdes e frondosas  
un currunchiño pequeno  
onde poder cando morra  
durmir en paz e tranquía  
antre frores y-antre frondas.







## NON MORREU

Non fuche ingrata, non, pequena patrea,  
non esquencich' a insine Rosalía;  
mais o cubrir de rosas e loureiros,  
coma nai amorosa as suas cinsas,  
cobríchete de gloria inmarcesibre,  
pois sempr' é grand' a nai de grande filla.  
S' ela t' amou con un amor inmenso,  
xust' é que d' ese amor t' amostres dina:  
xust' é qu' esas reliquias venerandas  
durman n-o colo teu en coba rica.  
E pois labrach' un moiment' hermoso  
altar d' o teu amor pr' esas reliquias,  
mostrach' ô mundo que dar culto sabes  
ô xénio que t' amou tanto n-a vida.  
Tí feito con loureiros que medraron  
n-as tuas sempre fértiles campiñas

labraches niño pra qu' aternamente  
podia n-él repousar esa roliña.  
Non fuche ingrata, non, Galicia hermosa,  
ô grand' amor d' a rola pelegrina;  
pois con amor inmenso lle pagaches  
o amor que ch' amostrou cando vivía.  
Mais non morreu, non chores, nai amante;  
n-o colo a tés, está soilo durmida  
e vivirá mentras o sol dé lume,  
mentres haxa relembrs de Galicia.  
Que non puido morrer a que tecera  
de *Follas novas* a corôa rica,  
a que bordou de pelras e diamantes  
a corôa que fora antes d' espiñas.  
¿Cómo había morrer a doce rola,  
qu' en torrentes de máxica armunía  
espallou os tesouros inmortaes  
de notas e canciós que son diviñas?  
Non, non morreu; os ecos d' as montanas,  
os murmuxos docísems d' a brisa,  
as fontes y-os regatos mais pequenos  
c' os romores d' as augas cristalinas,  
os paxaros n-os trinos armuniosos  
qu' entoan antr' os soutos ond' aniñan:  
todo repite o acent' anamorado  
con qu' ela te cantou, patrea querida.  
Non, non puido morrer xénio tan grande,  
nin apagars' os ecos de tal lira:  
mentres haxa un gallego sobr' a terra  
morrer non pode a insine Rosalía.



## LUCÍA

É libre com' os paxaros,  
pois ningun laz' a suxeta;  
mais é paxaro sin niño,  
pombiña sin compañeira,  
que pasa a vida cantando  
send' alegría d' as festas  
e cicais a sua disgracia  
a coitada non comprenda.  
Mais... ¿quén sabe? cicais chore  
bagullas que ninguen vexa  
y-aqueles ledos cantares  
son a carauta d' as penas.  
¡Probiña! naceu n-a lama  
lixosa de culpa allea,  
abriu os ollos á luz  
sin albores de nocenza

y-ô relebrarse d' a infancia  
soilo bulleiro relembra.  
Nunca respirou a brisa  
prefumada d' a pureza,  
nin soupo nunca qu' a honra  
ten mais valor qu' a eusistenza,  
y- agora qu' a coitadiña  
é cuase unha moza feita,  
d' a defunta nai o nome  
cicais maldice e despreza.  
Soliña, sin agarimo  
recorre pobos y-aldeas  
cantando coma un paxaro  
sin ter amor sobr' a terra  
e pra môr disgracia sua  
é linda com' unha estrela.  
C' us ollos feitos de luz  
ten unhas pestanas negras  
com' as aliñas d' un corvo  
y-a rizada cabeleira  
ten refrexos azulados  
y-un brillo coma de seda.  
Ten unha boca encarnada  
o mesmo qu' unha cereixa  
y-us dentiños que cobiza  
lle dan á un fio de pelras,  
e non hay perfil mais puro  
qu' o d' a probe cantadeira,  
nin unha frente mais linda  
qu' a sua frente morena.

¡Probe fror que me drou soila  
antre bulleiro e maleza  
e nunca tivo agarimo  
nin valado qu' a desfenda  
nin mau qu' amant' a coidase  
nin auga pura ô par d' ela!  
¿Qu' espant' é que se muschara  
e qu' o perfume perdera?  
Post' en medio d' un camiño  
todos ô pasar a trepan,  
d' o seu abandono triste  
sin ter compaseon xiquera.  
¿Qu' estrano que xa en capullo  
esté d' os vërmes comesta?







## Á ROSALÍA CASTRO

Non é lostrego hermoso,  
é luz perenne e crara  
a luz con qu' alomeas  
pouh sol d' a miña pátreá!  
É luz que sempre brila  
y-o tempo non apaga.  
Tí alomeach' a aurora  
d' aterna relembanza  
en qu' espertou Galicia  
erguéndos' alentada.  
Tí fuch' a estrela hermosa  
que n-hourizonte grata  
un día de ventura  
à pátreá ll' anunciabas.  
O día xa clarexa:  
en huestes apretadas



os fillos de Galicia  
á loita se porparan  
y-hastra cantar viutoria  
non pousarán as armas.  
Tí qu' antre frondas verdes  
tranquia repousabas  
erguísteste d' a coba  
pra ser glorificada.  
¡Qué gozo sentirían  
as tuas cinsas santas  
ô ver com' os gallegos  
s' aprestan á batalla,  
ô ver á nai Galicia  
xa cuas rexenerada!  
Os teus pechados ollos  
cicaís verteron bagoas,  
cand' ôs gallegos bardos  
oubich' a tua fala,  
e foi pra tí a corôa  
mais rica y-apreçada  
a de cantares lindos  
qu' entorno ch' entoaban.  
¡Goza, muller subrime,  
en ver cuas' acabada  
a obra xenerosa  
d' erguer á nosa patrea,  
por teu amor inmenso  
con pelras cimentada!





## 'A ESPERANZA

Espréndedo astro que brilas n-o ceo  
y-ô mund' alomeas con práceda luz:  
antorcha radiante qu' alcende n-o seo  
o místeco rayo qu' irradia n-a cruz.

N-hay sombras n-a y-alma que tí n-espaxas  
n-hay penas tan fondas, tan negro doôr,  
que tí non espalles en canto craxas  
as almas enchendo de luz e calor.

Enriba d' a coba te mira o cristiano  
mostrándoll' o ceo con luz imortal:  
n-os probes infundes valor soberano  
e santa alegría, virtú celesteal.

Os héroes cristianos, d' a sua viutoria  
â tí son deudores, ¡ouh filla d' a fé!  
que ningun arriba ô porto d' a groria  
sin ter esperanza n-o Dios en que cré.





## A TUA PATREA Y A MIÑA <sup>(3)</sup>

Á D. NICOLAS D' O PASO E DELGADO

### I

Eche unha hermosa xoya Andalucía  
que ten preceo maor n-os teus cantares  
como reloce a pelra n-os collares  
bordados de brillant' arxentería.  
Teu crar' inxenio préstalle primores:  
cand' a tua rica inspiraceon a canta  
sua espréndeda beleza s' axiganta  
y-aspiranse os perfumes d' as suas frores.  
Escóitase d' os rios cristalinos  
o murmuxo suave e cadencioso,  
ouzes' a brisa que no bosqu' umbroso  
contando vai amores pelegrinos.  
E fai surxir tua voz d' igual maneira  
os ecos d' o presente y-o pasado:

ouzes' a guzl' alá n-o harem dourado  
onde chora a beleza prisioneira.  
Escóitase n-a serra como chora  
o mouro qu' a tua y-arpa rezusita  
e mírase vencer a cruz bendita  
e rodar n-o bulleiro a enseña moura.  
Escóitanse d' as festas populares  
os alegres docisemos romores  
e d' os fillos d' o pobo sonadores  
o melodios' acento y-os cantares.  
As cordas d' a guitarra docemente  
escóitanse vibrar n-a tua lira  
e fai asomar bagoas si suspira,  
e cando rí, fai rir alegremente.  
Tí fas soñar con *cármens* froridos,  
con bosques de naranxos perfumados,  
con pazos pol-os mouros encantados  
e poemas d' amores alcendidos.  
Tí con alegres zambras buliciosas  
fas a y-alma soñar, e tan ben pintas  
e teñen tal verdá, tan bellas tintas  
esas lindas fiuciôs, son tan hermosas,  
que s' alcenden n-almas mil entoxos  
xuzgand' estar por máxica ventura  
en harenes pobrados de hermosura,  
ond' habitan hurís de beizos roxos  
que tén lume n-os ollos e n-o peito,  
que tén talles freusibres de palmeira;  
e vivind' en aterna primaveira  
fan con follas de rosas o seu leito.  
E derrochando pelras á porfía

en cantares de máxica riqueza  
mostras ô mund' a sin igoal beleza  
d' a tua hermosa patrea Andalucía.  
E fas soñar con ela, fas amala  
por nai de cen mil héroes cariñosa  
y-ô compás d' a tua lira cadenciosa  
ard' a y-alma en desexos de cantala.  
Premite pois, qu' unha canceon amante  
vibren as cordas d' esta probe lira:  
préstam' o sacro numen que ch' inspira;  
pra qu' os seus ricos dones hoxe cante.  
D' as pelras inmortaes d' a sua coroa  
quero cantar o brilo pelegrino  
préstam' o teu laud d' ouro divino  
pra cantar ben á tan feliz matroa:  
e tendrán os meus cantos a armunía,  
a rica inspiraceon, tod' a dozura,  
con que debe gabarse esa hermosura,  
qu' espallou Dios en tod' Andalucía.

## II

¡Granada, xentil Granada,  
bella y-egrexia matroa,  
qu' anque reina destroada,  
eres reina que corõa  
a branca Serra Nevada!  
A que n-as tuas colinas,  
y-antr' os teus bosques frondosos  
escondes hurís divinas,  
e tes ríos tan hermosos

coma cobras cristalinas.  
Granada, *cármén* frorido  
doce ensono d' o poeta  
pradiso que pormetido  
fuch' os fillos d' o Profeta  
qu' hoxe te choran perdido.  
Granada, niño d' amores  
que con nubes d' escalrata  
cobre o día n-os albores  
hermoso ramo de frores  
qu' apreixa un lazo de prata.  
Darr' e Xenil marmurando  
cóntanll' o vent' a tua hestoria  
y-esa Alhambra refrexando  
est' é dinlle, d' a sua gloria  
o resto que vai quedando.  
Linda sultana, non chores  
Sec' as bágoas cristalinas  
mentres tes, por manto frores,  
por fillas hurís divinas  
e por vates reiseñores.  
Levouch' o tempo incremente  
tuas gorrias e grandeza;  
pero douch' a natureza  
rica corõa esprendente  
e non morr' a tua beleza.  
Miña canceon namorada,  
que gaba con xusticia  
dixérach' entuseasmada  
¡eu adourote, Granada!...  
si non houbera Galicia.

## III

Córdova, sultan' hermosa,  
antre xardís adurmida  
rica xoya apetecida  
sempre con ardent' afan  
por mouros e por cristianos,  
que por tua grand' hermosura  
atesourach' a ternura  
d' o potent' Abderraman.

Escoita, ciudade hermosa,  
d' os califas doc' encanto  
e non despreces meu canto  
por probe d' inspiracion:  
se son rudos meus acentos  
e tosca esta probe lira  
hox' o teu amor m' inspira  
y-é rico o meu curazon.

Eu teño ch' un amor grande  
e n-esta canceon ch' o digo:  
deixame soñar contigo  
co-esa beleza xentil,  
co-ese crarísemo ceo,  
co-ese chau tan perfumado:  
¡lindo verxel encantado  
ciudad' hermos' antre mil!



N-a tua soberba mezquita  
qu' é xoya d' arte agarena  
reloz' a cruz nazarena  
com' unha esprendente luz,  
y-os seus altos minaretes  
ora son mais pelegrinos  
o resprandor d' os divinos  
destexos qu' espall' a cruz.

Estás agora mais linda  
co-esa catedral cristiana  
que cand' eras a sultana  
d' os mouros fillos d' Islam:  
hoxe qu' amostan o rostro  
as tuas nenas pelegrinas  
corpo teñen as divinas  
hurís que finx' o Korán.

Eu sint' as tristes soedades  
d' ese sol resprandecente,  
d' ese chau arrecendente  
qu' é un encantado xardín.  
'A ventura d' habitarte  
n-hay comparabre delicia...  
soilo t' iguala Galicia,  
qu' é o mesmo ceo pra min.

## IV

Sevilla, preciada reina  
d' a xentil Andalucía,

d' Hércules filla mimada  
e d' o mundo maravilla:  
berce de márteres santos  
e de santas heroínas.  
E n-as ciencias e n-as artes  
de mil cidades cobiza:  
pra dicha e gloria d' as letras  
de Becquer patrea bendita.  
¡Quén gozara d' a ventura  
de ver as tuas *Delicias*  
e d' esa hermosa *Xiralda*  
mirar a beleza altiva!  
¡Quén poidera d' es' *Alcázar*  
ver as bellas celosías,  
os dourados aximeces  
y-as filigranas tan ricas  
qu' hastra n-as pedras bordaron  
orientales fantasías!  
¡Quén poidera d' o teu chau  
as bellezas infinitas  
pintar c' os ricos colores  
d' unha paleta divina!  
¡Quén poidera contemprarse  
d' o Bétis n-as cristalinas  
correntes de linfas puras  
qu' os teus xardís fertilizan!  
¡Quén n-o teu seo toubera  
unha pequena casaña  
c' a sua reixa festoada  
por azules campanillas  
y-o seu patio con macetas

e graciosas columniñas!  
¡Quén baix' ese ceo lindo  
poidera pasar a vida  
ou te poidera tragner  
pra miña hermosa Galicia!





## ¡QUE MEDO!

¡Meu hirmanciño, que medo!  
¿Tí non ós? ¡oubea o can!  
Seica persint' un defunto,  
que non fai mais qu' oubear.

A curuxa fai un pouco  
que faguía xif, xif, xif,  
e seica tamén ten medo  
qu' está tremando o candil.

Escoita: n-as regandixas  
fai o vento ¡huhú! ¡huhuú!  
¡y-a nosa nai nunca chega...  
e vaise apagar a luz!

Recemos, meu hirmanciño,  
e vamol-a arresponsar,  
pra que faga San Antonio  
veña logo a nosa nai.

Xa sinto n-a corredoira  
as zoquiñas: cró, cró, cró...  
xa ven a nai ¡qu' alegría!  
¡hirmanciño, oiunos Dios!





## O TERREMOTO <sup>(4)</sup>

Dúrmete, meu miniño,  
durme, non tremas  
dúrmete docemente  
mentres te vela  
a tua nai amante:  
durme sin pena.  
Adormenta, vidiña,  
medo non teñas  
de que mentres t' arrolo  
o coco veña.  
¡D' o colo d' a naiciña  
naide pertenda  
arrincar ô miniño...  
se non que trema!

Dúrmete, miña pomba,  
 reiciño, prenda,  
 tesouro, alma d' a y-alma,  
 preciosa pelra.  
 Adormenta, vidiña,  
 teus ollos pecha.  
 Dúrmete sin coidado,  
 medo non teñas  
 enmentres qu' eu t' arrolo  
 qu' o coco veña.  
 D' o colo d' a naiciña  
 ninguen s' estreva  
 á arrincar o miniño...  
 ¡se non que trema!  
 Durme pois, miña pomba,  
 durme sin pena.

.....  
 .....

¿Qué pasa? ¿Por qué calada  
 quedou a nai amorosa?  
 ¿Por qué quedou muda e fría?  
 ¿Por qué non canta ni-arrola?  
 ¿Por qué lle treman os beizos  
 e parez cuase que morta?

Ronco rumor misterioso  
 xamais oubido s' escoita,  
 ¡cicais o mundo s' acaba  
 qu' estremec' a terra toda!  
 Cicais cair as estrelas,






esbara pol-o teu rosto?  
¿Qué tes, muller? ¿Por qué escarbas  
con tant' afan os escombros?  
¿Qué pensas topar antr' eles  
que c' os dedos cuasque rotos  
os rebules tan a presa  
sin un punto de repouso?  
¿Non ves que s' abr' un abismo  
ôs teus pes que non ten fondo  
e qu' o resto d' o teu lar  
pra cair agarda un sopro?  
¿Fuxe, muller, que t' agardan  
os brazos d' amant' esposo,  
que desesprado te busca  
pidind' á berros secorro!  
mais xa lograches topar  
d' o teu titáneco esforzo  
o premeo, pois conseguiches  
atopar o teu tesouro.  
Xa d' o miniñ' adourado  
abrazas o lindo corpo...  
¿Por qué dirixes ô ceo  
con ira qu' espant' os ollos?  
¿Por qué unha muda brasfemia  
brila en terribres enoxos  
n-esa mirada tan doce  
e tan tenta fai un pouco?  
¿Por qué unha carcaxada  
teñen teus beizos roxos?  
¿Por qu' arrolas un madeiro  
c' os teus cantos amorosos

dicindo: durme, pombiña  
miña prenda, qu' eu t' arrolo,  
durme n-o colo quentiño  
d' a tua nai, meu tesouro,  
que non t' a vir arrincar...  
nin Dios mesmo d' o meu colo?

.....  
.....

¡Probe nai! Diant' o cadavre  
d' o filliño ensanguentado  
sintiu saltar n-o seu peito  
o curazon en anacos!  
Y-a tempestad' espantosa  
d' aquil doôr sobrehumano  
enegou d' a sua razon  
o fráxil e debre barco.  
Y-ahora enriba d' as ruinas  
está sentada cantando:  
¡Dúrmete, meu ben querido!  
¡Durme meu nen-adourado!  
¡Que xa non pod' arrincarte...  
nin Dios mesmo d' os meus brazos!







## ¡QUEN POIDERA SABER!

¡Qué tranquiá está a lagunia!  
nin un leve sopr' a riza,  
cicais a diosa d' as augas  
está n-o fondo durmida.  
¡Qué superficie tan tersa!  
¡Qu' auga pura e cristalina!  
Com' a luz d' o sol brillante  
somella prata bruñida!  
Mais ¿qué gardará n-o fondo?  
Cicais lama que movida  
trocara n-un charc' inmundo  
o qu' agora nos feitiza.

¡Qué lindos son eses ollos  
que teñen d' o ceo as tintas  
e d' a lagunia somellan  
a superficie tranquiá!

¡Quén poidera perguntarlles  
o que ninguen adiviña;  
pois hastr' o fondo d' as almas  
non chegou a humana vista!  
Ollos azules y-hermosos  
d' o lago copea e cobiza:  
¿Qué ten n-o fondo d' a y-alma  
esa muller pelegrina?





## A CINTOLA

### I

Amañece, o sol brillante  
tingue as nubes de colores,  
xa se recortan n-o ceo  
as altas cimas d' os montes  
y-amostr' à terra argullosa  
o seu vestido de froes.  
¡Case cantan os paxaros!  
¡Cómo os regatiños corren!  
¡Cómo rin eses cristales  
que de car' o Miño foxen!  
¡Cómo rin...! ¡Qué falangueiros!  
¡Que ledos murmuradores!  
¡Cómo rin...! ¿Qu' irán dicindo  
n-eses marmuxos tan doces?  
¿Saberán as miñas penas

e riránse d' os meus dores?  
¿Saberán qu' eu qu' aparezo  
tan dichosa diant' a corte  
e pas' os dias surrindo,  
pas' antre bagoa-las noites?  
¿Saberán qu' este meu leito  
d' our' e prata que reloce,  
é pra min leito d' espiñas  
e qu' está frio decote  
porqu' o meu don-adourado  
durm' ou vela sempre lonxe?  
S' o sabedes, regatiños,  
s' o víchedes dend' antonte  
decídeme donde estaba  
e por quen ard' en amores.  
Tende lástema, regatos,  
d' esta infeliz, d' esta probe  
á quen afogan as penas  
porque n-o peit' as esconde.  
Eu acult' as miñas bagoas  
antes que d' ollos broten  
e ninguen sabe que choro  
n-a escuridade d' a noite.  
¡Non quero qu' il adiviñe  
iste pesar que me roe  
o curazon e me leva  
â coba á pasos veloces!  
Non llo digás regatiños,  
Cando cicais vos alcontre,  
non lle falès de pesares  
qu' eu quero que sempr' iñore.

Non lle digás á Hermengario  
qu' a sua Hildemira sofre:  
co-as miñas penas non quero  
que s' amarguen os seus goces.

Así a reina de Galicia  
ôs regatos bulidores  
qu' os xardís d' o pazo regan  
lles fala, tras d' unha noite  
pasad' antre bagoas tristes  
agardand' á quen non volve.

## II

O rey Hermengario o Xusto  
c' o pretesto de cazare  
sai de Lugo con frecuencia  
y-onde vai nunca se sabe  
e pasa días e noites  
longas com' aternidades  
sin vel-a sua Hildemira,  
que com' a Dios n-un altare  
lle rinde culto n-o peito  
que n-os seus amores arde.  
¡Prob' esposa namorada  
que n-o curazon amante  
garda un amor que non pode  
a endeferenza matare!  
¡Probe pomba sin parexa  
que non pode consolarse!



Cand' o rey volve d' a caza  
xa os seus cortesanos saben  
que ven com' enfeitizado  
e non quer que se lle fale:  
que non oi, que non comprende,  
qu' é com' un neno que nace,  
que ten vida e ten instinto  
como tèn os animales;  
mais o espirito está moi lonxe  
e tarda moito en tornare.  
Ausenzas tan misteriosas  
causan tan negros pesares  
à reina, que pouc' á pouco  
vaise tornand' un cadavre.  
Arredor d' aquiles ollos  
qu' eran luceiros brillantes  
que com' a y-alma alumaban  
con resprandores suaves,  
hay un círculo de sombras  
e de negra escuridade.  
As rosas fans' azuceas  
n-aquil hermoso sembrante  
y-os beizos qu' eran tan roxos  
coma preceados corales,  
perden color e frescura  
en forza de suspirare,  
y-antr' as crenchas d' ouro puro  
qu' oltan a frente d' anacre  
tecen as penas algunhas  
frebas de prata brillante.

Hermengario non ve nada,  
sempre contand' os instantes  
que lle rouban os nagoceos  
impedíndoll' ausentarse.  
E non é porqu' á Hildemira  
c' o seu cariño lle falte;  
pois s' il vis' as suas bagoas  
y-o seu dôr adiviñase,  
por lle forrar esas penas  
daría gustoso o sangue.

## III

Non lonxe de Mondoñedo  
e pretiño de Bretoña  
está o lugar de Supena  
e n-a Supena a Cintola  
pazo que baix' ús penedos  
labrou a mau poderosa  
d' algun xigant' ou d' un Dios;  
pois non puid' humana forza  
labrar debaixo d' a terra  
aquelas salas tan longas  
que non tèn fin e parece  
qu' abarcan a terra toda.  
¿Quén habita n-ese pazo,  
n-esa manseon misteriosa  
onde nunc' á luz d' o día  
se ve entrar unha persoa?  
Ninguen descifr' o misterio  
que se encerra n-esa coba,

ninguen sab' o que se pasa  
n-escuridá tenebrosa  
d' eses máxicos salós  
sempre cubertos de sombras.  
¿Qué busc' o rey Hermengario  
d' a noite n-altas horas  
n-ese lugar tan sombrío  
onde nunca loce a aurora?  
C' o pretesto de cazare  
muller e cort' abandona  
e pasa as noites y-os días  
enzarrado n-a Cintola,  
d' onde sai com' encantado  
sin vountade nin mamoria.  
Xa lle chaman o Cintolo  
mais o alcume non ll' importa,  
nin que n-a corte marmuren  
e cen difrentes hestorias  
refiran d' encantamentos  
e d' intrigas amorosas:  
qu' a verdá ninguen a sabe  
si non il, e non-a conta.

Algun din, que pol-as noites  
ónse voces espantosas  
sair d' a cob' encantada,  
e qué morre quen as ouza;  
que lavaredas azules  
se ven sair pol-a porta:  
que Mirk-alfar ten alí  
sua manseon tenebrosa

e qu' o rey c' os xenios malos  
debe ter trató por forza.  
Outros din qu' est' é mintira  
e qu' é todo pol-a contra  
qu' o que òn os pasaxeiros  
son músecas armuniosas  
*fiosdor* dond' as Elfinas  
arrancan tan doces notas  
qu' o qu' as oi qued' encantado  
sin vontade nin mamoria;  
pois din que n-a coba aquela  
dend' edades moi remotas  
viven preciosas Elfinas  
en cárcere encantadora.  
Qu' está o pazo soterraño  
labrad' en cristal de roca  
que ten de coral e pelras  
as paredes d' as alcobas  
y-os leitos ten d' esmeraldas  
e d' outras pedras preciosas  
e porque mais ricas sean  
son de diamante-l-as portas  
y-o chan de cristal locente  
cuberto de branda alfombra,  
de caraveles tecidos  
con azuceas e rosas.  
D' a branc' espuma qu' os mares  
pôn por diadema d' as olas  
son os leitos d' as Elfinas,  
qu' anque non dormen repousan.

Hay quen dí, qu' ind' é mais grande  
d' aquil paz' a rica dona  
qu' alí habita a mesma Frigga  
d' o Dios Odin lind' esposa;  
mais ninguen sab' o misterio  
que se encerra n-a Cintola,  
nin s' o rey é un mag' infame,  
ou amante d' unha diosa.





## À GALICIA

Nobre Galicia, singular matroa  
d' espiñas e loureiros coroada:  
quixérate cantar, nai adourada,  
¡e non te sei cantar...! ¡Pátrea perdoa!  
Perdoa s' a cancion apasioada  
qu' arrinc' â probe lira  
n-é dina d' o esprendor d' a tua corõa.  
Grand' é o sol com' a tua groria grande,  
brilante cal sua luz tua groria pura:  
xigante com' a d' él tua hermosura.  
Teus doces trovadores,  
que cantan as tuas grorias  
son paxaros cantores  
que gaban d' ese sol os respradores.

Perdoa si n-a miña idolatría  
eu ergo a miña voz com' os paxaros  
ô sol lle cantan ô nacer o día.  
'O máxico concerto  
que canta a tua grandeza  
eu xunt' a miña voz, Galicia hermosa,  
cantando namorada tal beleza.  
Cal probe gorrion qu' antr' os follatos  
ô reiseñor canouro  
fai compañía n-o canto pelegrino:  
á ises cen vates, que con plectro d' ouro  
n-o teu loor entoan mil cantares  
xuntar a miña voz é meu destino.  
Quero cantar teus ríos e teus mares  
qu' o rico manto de sin par verdura,  
que vistes de contino  
olran de brancos tules  
tecidos con escumas nacaradas  
cando veñen as olas agrupadas  
á bicarte c' os seus beizos azules.

## II

Ledas Mariñas, onde seica estivo  
o pradiño qu' Adán perdeu pecando:  
¿Quén vos viu unha vez que non sospire  
vosas dóces bellezas relembando?  
¿Quén trepou unha vez ese chan verde,  
que d' invern' e de vran está frorido,  
que non cobice sempre estar durmido,  
pra poder sempre estar con vos sonando?

Que n-hay n-o mund' enteiro  
panorama mais lind' e feiticeiro  
viseon mais pelegrina,  
qu' a que copea a y-auga cristalina  
qu' esas hermosas prayas vai bicando.  
Á quen am' o relembro venerando  
d' a nosa antiga grória  
espértallo Betanzos n-a mamoria:  
e quen inspiraceon vaya buscando  
pra lindo cadro ou pra canceon subrime,  
que vos mire unha vez, unha tan soilo  
e cinguirá loureiros inmortaes  
bellezas infinitas retratando.  
¡Qué sotos tan frondosos!  
¡Qué veigas esmaltadas de mil frores!  
¡Qué vilas tan garridas!  
¡Qu' aldeas tan xeitosas escondidas  
d' es' atero follax' antr' os verdores!  
¡Qué ceo tan azul! ¡cantos primores  
encerran eses eidos deleitosos!  
Cen craros regatiños  
corren faland' e rind' aternamente  
por antr' as tuas frondas  
y-os pardos reiseñores  
n-as tuas carballeiras  
cantando sin cesar fan os seus niños.

¡Mariñas feiticeiras!  
¡Qué doce debe ser o atero sono  
durmindo n-esas prácedas ribeiras!



## III

¡Ouh Lerez lindo! ¡feiticeiro Lerez!  
máxico pazo de cristal bruñado  
d' encantados salós ond' escondido  
habita o sacro númen d' a poesía:  
¿Quén puido maxinar tanta hermosura?  
¿Quén se finxiu xamais c' a fantasía  
un oasis mais lindo de verdura?  
N-os teus salós habita a venturanza  
tí eres d' o ceo imáxe pelegrina:  
que cand' a y-alma enchida d' esperanza  
c' a práceda e divina  
manseon d' a aterna luz resprandecente  
pons' á soñar par' esquencer as penas,  
finxe salós de chau moi transparente  
con bóvedas moi altas y-azuladas  
e paredes de froes tapizadas  
que despiden perfum' arrecendente.

## IV

¡Ouh craro Miño, que n-un leito d' ouro  
cal cobra de cristal vast' arristrando!  
¿Quén dende lonxe esas ribeiras lindas  
qu' agasalleiro pasas tí bicando  
s' estrev' á lembrar sin penas fondas?  
¿Quén pode sin tristura  
pensar n-esas montañas feiticeiras

que son Mayos xigantes  
de frores e verdura?  
Quen naceu n-unha chouza antr' esas frondas  
en ningures s' afai e morr' aixiña  
s' o levan lonxe d' o curruncho ledo  
que regan ô pasar as tuas ondas.  
As brisas que te bican namoradas,  
marmurand' antr' as frores  
contan cicais os prácedos amores  
de que tí falas ô pasar correndo,  
y-os ledos reiseñores  
os teus murmuxos somellar pertenden  
cobizando teus máxicos romores.  
Canta, Miño feliz, hermoso rio  
qu' arristras ô correr tantas riquezas:  
canta c' a voz d' as augas romorosas  
a variedá enfinita de bellezas  
que viches ô pasar en tí copeadas.  
Canta esas arboredas tan frondosas,  
esas lindas pradeiras esmaltadas  
de frores primorosas  
y-as fértiles colinas coroadas  
de pamos e de frores perfumadas.  
Canta ás lindas ciudás que vas bicando:  
corre, Miño feliz, corre cantando.

## V

Ría de Vigo, incomparabre ría  
xigant' espello de bruñida prata  
ond' unha hermosa pelra se retrata.

¡Qu' hermosa diant' a y-alma t' apareces  
cando contigo soña a fantasía!  
¡Qué marco tan precioso t' arrodea  
cal rico cinturón de pedraría!  
'A luz d' a relembanza, qu' alomea  
véxote cada cando sempre hermosa  
sempre chea d' encant' e poesía!

Estou lonxe de tí; mais pech' os ollos  
e vexo d' as tuas augas os cristales  
e d' arredor os verdes piñeirales  
qu' en prácedos romores  
fan compás as tuas ondas cristalinas  
entoando canciós tan pelegrinas  
que dan cobiza ós bardos inspirados.  
Ouzo d' a brisa o sospirar amante  
cando riza as tuas ondas transparentes:  
vexo d' o sol os rayos esprendentes  
rasgando o velo azul que tece a bruma  
y-arrincando cen chispas de diamante  
às olas coroadas pol-a escuma.

E cand' a noite c' o seu manto mouro  
que quixo Dios bordar con doas d' ouro,  
che sirve de sol, tamen ch' eu vexo  
d' a miña inspiraceon rico tesouro,  
ô máxico refrexo  
d' a luz páleda e grata  
d' a branca lua que te fai de prata.  
Y-unque lonxe de tí por tí sospiro;  
à luz d' a relembanza venturosa,

sempre pechand' os ollos t' ademiro:  
véxote sempre grande, e sempre hermosa,

## VI

Nobre Galicia, singular matroa  
de groriosos loureiros coroada:  
eu quérote cantar por esforzada,  
quero cantar teus feitos que pregoa  
moi alt' a fama c' a sua voz potente.  
Quer' amostrarl' o mund' o esprendente  
egrexio resprandor d' a tua corõa.  
¡Ouh nai de cen mil héroes que venero!  
¿Quén non t' admirou cal t' ademiro?  
¿Qué fillo non te quer cal eu te quero?  
S' eres hermosa e tua grandeza é tanta  
¿quén unha voz posee e non levanta  
cen hinos á tua gloria?  
¿Cal a lira será que non te canta?

## VII

Astr' esprendente cuyo brillo puro  
antre mil craros soles resprandece,  
xigant' estrela que n-o ceo pátreo  
como sino de grorias amañece,  
Mayor Fernandez Pita, denodada  
heroína imortal cuya mamoria  
é por sigros de sigros venerada  
por filla primoxénita d' a gloria.  
¡Quén a y-arpa d' Homero poseera!



¡Quén poidera pulsar suas cordas d' ouro  
pr' entoar hox' unha canceon sonora  
que d' os teus altos feitos dina fora!  
¡Quén poidera cantar d' as tuas virtudes  
o sin igual tesouro!  
¡Qu' endomabre valor! ¡Canta bravura  
soupeche demostrar como guerreira!  
¡Qu' hermoso curazon! ¡Canta ternura  
pr' os teus fillos gardou tua y-alma pura!  
¡Qué grande foi teu curazon hermoso!  
¡Qu' hermoso foi teu curazon xigante!  
¿Qué moito que che cinga unha corõa  
con gratitud' aterna a pátrea amante?  
S' eres sua gloria, e si che debe tanto  
¿qué moito qu' unha estáuta che levante?  
Eu quixera entoar n-os teus loores  
un hino de sonoras harmunías  
cuyas notas o eco repitise  
d' o mundo n-as ignotas lexanías.  
Eu quixera cantarte, qu' eu anhele  
cantar as grotias de Galicia amada  
e tí eres a maor, a mais preceada;  
mais de tanta grandeza  
non pod' a canceon miña ser medida.  
Seus dones con expréndeda riqueza  
pródiga che brindou a natureza,  
qu' o darch' un alma grande y-escollida,  
quixo Dios encerrar tan rica xoya  
en caixa dina de tan gran beleza.  
S' antre cen heroínas destenguiuse  
d' a tua y-alm' o tempre y-a firmeza

e foi teu gran valor pasmo d' o mundo:  
foi a tua hermosura sin segundo.

## VIII

¡Ouh fillos de Minerva escrarecidos,  
grorioso batallon d' os Literarios:  
que mortos fostes pero non vencidos!  
Frorida xuventú, que tanta gloria  
dechesh morrend' á esta Galicia amada,  
que garda a tua mamoria  
n-esa bandeira sant' e venerada.  
¡Ouh xuventú dourada,  
qu' oid' a voz d' a pátreas qu' afrixida  
antre ferros queixábase dorida  
voach' á socorrela!  
Hermosa xuventú qu' o sacrificio  
fixechesh d' a tua sangue xenerosa  
diante d' o altar sagrado  
d' a pátreas libertade:  
¡quén rica inspiraceon á y-alma dera,  
pra te poder cantar cal eu quixera!

## IX

Héroes invictos qu' en profundo sono  
baixo d' a terra estades adurmidos:  
¡espertade! ¡escoitai! quero cantarvos.  
¡Quero eusalar en cántecos sentidos  
meu entuseasm' ardente!  
Quero cantar a gloria refulxente

qu' a nai Galicia corou un dia  
 n-a Ponte de Sampayo,  
 por vosa xenerosa valentía!  
 ¡Ay! todo o borra o tempo y-o anonada,  
 tod' o seu sopro helado desaparece;  
 mais a groria imortal d' esa xornada  
 c' un atero buril está grabada  
 n-a nosa pátreia hestoria,  
 y-o brillo d' esa páxina dourada  
 non se borr' enxamáis, non esmorece,  
 ese padron de groria  
 ond' a vosa nobreza resprandece.  
 Héroes xigantes cuyos altos feitos  
 pasmo serán d' os sigros  
 y-o voso nome espanto d' os franceses:  
 perdoai se m' estrev' eu á lembrarvos,  
 s' a miña voz cativa  
 o estrevemento tivo de cantarvos.

## X

¿Quén pode d' os teus fillos, nai Galicia,  
 os feitos d' heroismo cantar todos?  
 ¿Quén os millares d' héroes  
 que n-o teu chau naceron  
 puido contar xamais, nai valerosa?  
 ¿Quén poide relembra a numarosa  
 préyade de xigantes  
 que che tecen diadema tan groriosa?  
 Dendes d' antiga Rom' hastr' o Callao  
 lévou teu nom' a vocingleira fama,

epopeyas cantando tan brillantes  
qu' o mund' admirado con xusticia  
á todol-os teus fillos héroes chama.  
¡Gózate n-esa gloria, nai hermosa!  
Non baixes nunc' a testa,  
que nai de tales fillos e moi xusto,  
que cinga os seus loureiros argullosa.









## CANTARES <sup>(3)</sup>

Non chores, miña xóina,  
qu' anque me vou non t' esquenzo,  
qu' o meu peito ech' a costodia  
e tí es o sacramento.

¡Ay miña nai! ¡miña nai!  
unque cansiña d' a sega  
non durmo pensand' en vos,  
miña nai, e miña terra.

Non cantes á miña porta  
que che vai mordel-o can,  
tí eres rico y-eu son probe  
pode rifar o teu pai.

Adiós, meu ben, miña xoya,  
nunca t' esquenzas de min,  
lémbrete d' o meu cariño  
com' eu me lembro de tí.

Debaixo d' o teu tellado  
fan o niño as anduriñas,  
tamen eu penso faguelo,  
porque lles teño cobiza.

N-a noite de San Xoan  
puxechem' un corn' à porta:  
seica son esal-as verzas  
que medran n-a tua horta.

¡Ay! ¡quen poidera vivir  
e morrer n-a sua terra,  
pra durmil-o último sono  
n-o adro d' a sua eirexa!

Se fores ô fiadeiro  
leva un fungueiro n-a man  
por si che sai ô camiño  
algun mozo ou algun can.

Sempre que vexo bailar  
á Mariquiña n-as festas,  
com' as mazás colorada,  
danme ganas de comela.

Porque son moreniña  
posme defeuto,  
moitas con cara branca  
ten negros feitos.

Porqu' é moi probe meu pai  
que non me queres díxeche  
anqu' é moi probe, meu ben,  
doume mais que tí me deches.

Dendes que pasei o mar  
estou morrendo de penas...  
xa nunca mais te verei,  
Santa Maria de Melias.

Cando te criou á tí  
póidose Dios enganar,  
qu' en vez d' olliños che puxo  
duas pedriñas d' iman.

Miña nai está morrendo  
y-o médeco nunca chega,  
¡ay Dios! ¡enfeliz d' un probe!  
¡maldita sea a miseria!

Azules son os lirios  
y-o ceo azul  
y-os teus ollos, miniña,  
cheos de luz.

Mariñan de Betanzos  
que te vas lonxe,  
o ceo pol-a terra  
puxeches en troque.

Non pases por antr' os trigos  
cand' están xa pra segar,  
que lles podes prender lume  
s' é qu' os chegas á mirar.

Eu tiña un filliño soilo  
e levaronmo pr' a guerra,  
¡maldito quen-a enventou!  
¡mil veces maldito sea!

S' escoitas brual-o mar  
aló n-as noites d' inverno  
lémbrete d' a tempestá  
que brua aquí n-o meu peito.

Fun á Habana por traer  
un gran bulso de diñeiro,  
y-agora volvo sin cartos  
e topo os eidos en ermo.

A tua boca encarnada  
preciosa caixa é qu' encerra,  
antre roxo terciopelo,  
brancos collares de pelras.

Non hay terra n-o mundo  
com' as Mariñas,  
sempre verdes, frondosas,  
sempre froridas.

Fun á festa por bailar  
e buscar diverticeon,  
¡nunc' eu á tal festa fora  
que perdin-o curazon!

Non me veñas á cantar,  
non veñas perdel-o tempo,  
que xa sabes qu' outro mozo  
con alm' e vida lle quero.

¡Qué frente d' anacre!  
¡Qué douradas trenzas!  
¡Nunc' eu te mirara!  
¡Nunca Dios me dera!

Miña nai votoum' á encrusa  
y-o meu pai non sei quen é,  
deprendin á maldecir,  
mais nunca soupen querer.

Seica me dech' un feitizo  
nantronte cando te vin,  
que dende entonces non como  
nin son capaz de durmir.

Doume Dios un fillo soilo  
y-ese volveumo levar,  
e non me quixo dar bagoas  
pra que poidera chorar.

Eu prantei á tua porta  
un caravel encarnado,  
e c' o lume d' os teus ollos  
total-as follas secaron.

Dentro d' unha fea concha  
puxo Dios as brancas pelras  
e tí qu' eres tan bunita  
tes unha y-alma tan negra.

Unha noite de luar  
vin dous defuntos n-o adro,  
un de calzós e monteira  
y-autro de dengue encarnado.

Miña nai non sei que sinto  
aiquí no fondo d' o peito,  
que s' estou esperta soño  
e non durmo se me deito.

Dicen qu' as miñas canciós  
teñen acentos moi tristes...  
s' estou lonxe d' o meu lar  
¿quén s' estrana que sospire?

Fíxote Dios tan hermosa  
com' a mais brillant' estrela  
e pra m' á min castigar  
fíxoch' o peito de pedra.

Pedin á Dios que me dese  
n-o mundo felidá,  
y-un ánxel me respondeu  
a mais grand' eche olvidar.

Puxen o meu curazon  
por alfombra d' os teus pés,  
e non quixeche pisalo  
por non ter qu' agradecer.

Cand' atopo c' un porco  
n-o meu camiño,  
pra me non saludare  
torc' o fuciño.

Conocínche n-o mirar  
o que me queres decir,  
séntate n-un baladiño  
s' é qu' as d' agardar por min.

Debaixo d' unha mazaira  
xurácheme amor atero,  
y-eu que d' Adan me lembrei  
dixen Eva non te creo.

Aló pol-a media noite  
sentin o trasgo n-a casa,  
e c' un fungueiro n-a mau  
fixenll' as cruces n-a cara.

Eu cain por soldado  
n-a primaveira,  
miña nai pol-o outono  
morreu c' a pena.

Señor abade, unha misa  
dirá pol-a miña alma,  
que por amor d' un rapaz  
debo d' estar condanada.

Teñ' a bica n-a lareira  
y-o caldo posto n-as cuncas,  
que mais ll-hei pedir á Dios  
que me da tanta fartura.

Fun â sábea por saber  
quen foi a que me embruxou,  
díxome: teño vertude  
pr' as bruxas, pr' os deños non.

Son hachado e teño nai  
per' é nai que nen pecou:  
non é nai quen me pariu  
senon a que me criou.

Douch' a y-alma e douch' a vida,  
non teño mais que che dar:  
tí que non tes curazon  
non tes con que me pagar.



Miroume cando morreu  
e n-aquil mirar me dixo:  
non t' afixas meu amor,  
qu' anque me vou non t' olvido.

Fas ruxir catro cadelos  
n-o bulsillo d' o chaleque,  
¿qu' as de ter, pelafustan,  
se tras pantalós con freque?

Meu filliño, non te vayas,  
que n-hay terra com' a nosa:  
coida os eidos, meu filliño,  
e cábam' a miña coba.

Os teus cabeliños son  
unha coröa de reina,  
os curazós teus vasallos  
y-o teu dosel as estrelas.

Dixéronme carta feira,  
que votach' as municións  
y-eu dixen: ¡probe d' un probe!  
que soilo ten curazon!

Fixéchem' unha cannisa  
e non m' a riscache ben:  
costureiras namoradas  
nunca certan á coser.

Eu vinte chorar un dia  
cabo d' a ponte pequena,  
e por secar as tuas bagoas  
a y-alma ô demo lle dera.

A miña casa é ruín  
non ten portas nin ventanas,  
per' eu sempre fora d' ela  
sentin o frio d' alma.

Teño de casar c' un xastre  
que sepia tallar un dengue,  
qu' eu teño un corpo bunito  
y-o ben feito ben parece.

Aló n-o fondo d' o mar  
puxo Dios as brancas pelras,  
e n-a modestia escondidas  
as vertudes verdadeiras.

Nunca mates unha rula  
se ves ô monte cazar,  
porqu' a que deixas viuda  
non se consola enxamais.

Está o mar mans' e tranquio  
ven, meu ben, á miña lancha,  
e verás qu' hermosa é  
dende lonx' a nosa praya.

Soldado que ves d' a guerra,  
dime se vich' ô meu ben,  
a crara luz d' os meus ollos  
¿lembroum' acas' ô morrer?

Miña nai, d' o meu amor  
hox' ou mañá terei carta,  
que vin unha volvoreta  
n-a miña roca pousada.

Miniña que vas á fonte  
e levas o xerro novo,  
vai con moito coídadíño  
de non trepares un toxo.

Non hay mozo n-o mundo  
qu' á min m' arrede  
¡porqu' en vend' un barullo...  
fuxoll' ás lebres!

Por us ollos azules  
andívenche tolo un ano  
e cando volvin en min  
atopeime qu' eran brancos

Díxome Xan de Bentraces:  
ábrell' o peit' á un amigo,  
e non me dixo con qué  
y-eu abrínilo c' un cuchilo.

Atopeime c' un lobo  
n-a corredoira,  
e... saqueill' o sombreiro  
con moita honra.

Cando Dios quer adornar  
con rosas brancas o ceo,  
mándall' á morte buscar  
ô mundo un fato de nenos.

Chora caladamente  
que non te sintan,  
pra qu' ô ver as tuas bagoas  
ninguen se ria.

Petra te chaman y-é xusto  
qu' ese nome che puxeran,  
¿non son pedras os diamantes,  
y-as esmeraldas y-as pelras?

Eu non sei porque dices,  
que non me queres,  
cando me tes xurado  
quererme sempre.

Eu teño unha cama limpa,  
a casa chea de paz,  
un horreo cheo de millo  
¿pra que xuncras quero mais?

S' a fortuna á tua casa  
quer vir por camiños tortos,  
pecha todol-os cancelos,  
dalle c' a porta n-os morros.

Cando Dios o mar criou  
xa pensaba en te criar  
e dixo: fagoll' espello  
pra que se poida mirar.

Tí que fuche casado  
santo San Pedro,  
vai morrer miña sogra  
ábrell' o ceo.

'A muller que te queira  
Diol-a bendiga,  
qu' eu por min, meu amigo,  
fagoch' a figa.

Miniña d' o pelo roxo  
que vas lavar ô regueiro,  
non te teñas por bunita  
qu' o regato é mintireiro.

Rapazas ¡qué comenenza!  
¡terra qu' eu teño n-Habana!  
eu sonvos d' os d' a millora  
d' o partido de Chantada.

Cand' un rapaz piquiniño  
morre c' os ollos abertos,  
é que cham' ôs seus hirmaus  
e failles canto n-o ceo.

Eu non sei, señor alcalde,  
porque me ten tal xenreira,  
s' eu sempre n-as eleucións  
deill' o voto n-a taberna.

Eu fuxindo d' a fame  
vou á San Pabro,  
anqu' os deños me leven  
antes d' un ano.

Eu caseime de vella  
c' un rapaciño,  
pro merqueill' unha capa  
y-on bó vistido.

Vou morrer e non-o sinto,  
que non teno pai nin nai,  
e cand' eu morra, por min  
ninguen terá que chorar.

Quíxenlle vender ô demo  
a miña y-alma e non-a quixo,  
e tivo móita razon:  
danas de valde, me dixo.

Home que busca muller  
e non sabe traballar  
¿con qu' ha de manter ôs fillos  
cando sepian pedir pan?

Eu caseime c' unha vella  
porque tiña catro chavos,  
merquei unha cunca grande  
pero non tiven pr' o caldo.

'A porta d' unha rapaza  
vint' unha noite chorar,  
¿unha cabaza valeira  
tanto che puido mancar?

Non chore, miña naiciña,  
porque vou servir ô rey,  
que levo faixa de lana  
e de seda heina tragner.

Cose esta figa ô chaleque  
antes de saír d' a casa,  
por se t' atopas c' a sogra,  
que non che vot' unha ollada.

Trás volantes n-o sabelo  
como tran as d' a ciudá,  
¿ora vai faguer a roza  
á ver que xeito lle das?

Muller que fiar non sabe  
nin munguir unha vaquiña,  
¿qué m' importa á min que sepia  
valsear n-as romarías?

Se queres saber quen son,  
saim' á aquela encrucillada,  
e verás, que n-o correr,  
nin os coellos me ganan.

Eu cant' as miñas penas  
que son moi fondas,  
qu' os pesares mais negros  
nunca se choran.

Os meus cabellos brancos  
non son folepas de neve,  
son a cinsa d' o volcan  
qu' os teus olliños alcenden.

Mociña d' os ollos negros  
e d' o cabelo encrespado,  
nunca vayas c' os d' a feira  
s' as volver c' os d' o mercado.

Xunguir un boy c' unha ovella  
cousa de tolos será:  
vello que casa con moza  
¿en que xuncras pensará?

Cand' eu morra non choredes  
os que me queirades ben,  
chorade mentres que vivo,  
qu' aínda non descansei.

Teña en conta, señor cura,  
pra votarm' a ausolucion,  
que Dios manda que teñamos  
sempr' ós próximos amor.

Os neníños que morren  
son volvoretas,  
qu' antr' as frondas d' o ceo  
sempr' aletexan.

Roubáchesm' o curazon  
e non m' o queres volver,  
¿e pensarás en salvarte  
cando pensas en morrer?

Com' unha pombiña branca  
tes a y-alma, segun dices,  
fuxe, miniña, d' a luz,  
que non che vexan os tiznes.

Anqu' estou lonxe de tí  
lémbrome d' o teu amor,  
que levo as tuas miradas  
cravadas n-o curazon.

Antiguament' as mulleres  
eran ánxeles d' o ceo,  
e desfixeron as aás,  
pra se fagueren sabelos.

Maríneiriño que vas  
pasar o mar n-un vapor,  
deix' o quedar n-a ribeira  
non leves o curazon.



Eres moi xeitosiña,  
moito te quero;  
per' escoita un recado:  
¿tes moitos eidos?

Sempre ch' oubo n-o mundo  
moitas mulleres,  
pero s' oubo unha boa,  
¡demos me leven!

Buenos Aires, Buenos Aires,  
tumba d' os probes gallegos;  
deix' os vir pr' o noso chau  
unque veñan sin diñeiro.

Á fillo de malo pai  
nunca lle chames amigo,  
que porco de ruín caste  
non pode ter bô touciño.

O demo vestíuse un día  
c' as sayas d' unha muller,  
víronll' as cornas de lonxe  
e dixeron non-a é.

Galicia, xardin de groria,  
curruncho dond' eu nacín,  
sant' amor d' os meus amores,  
eu teñ' argullo de tí.

Os teus cabelíños son  
rayos d' o sol segun dicen,  
e votáronte d' o ceo  
por cobiza os serafines.


## NOTAS

(1) Esta poesía outuvo premio n-o certámen celebrado en Ourense en honra d' o P. Feixóo o día 10 de Setiembre de 1887. Era condicion precisa pra outar ó premio que estuvese basada n-a defensa d' as mulleres feita pol-o sábeo benedictino.

(2) Iste romance foi premeado en Pontevedra n-o certámen de Agosto de 1888.

(3) Esta composición, escrita en castellano, foi premeada c' o a rosa d' ouro en Sevilla n-o certámen celebrado en 1888.

(4) Istes cantares outuveron premio en Ourense en 10 de Setiembre de 1887.



## ÍNDECE

	Páxinas
DEDICATORIA	
Defensa d' as mulleres.....	7
Morriña.....	23
Non dubides.....	27
Á Lourizan.....	29
Non chove.....	33
Á un pensamento.....	35
Neve.....	37
¿Qué dirán?.....	39
Perdóalles.....	41
Á Pontevedra.....	45
Deixáino chorar.....	47
Á Camilo Placer.....	49
Non sospires.....	51
A sesta.....	53
¿Qué dís?.....	55
Os ollos d' a morta.....	57
Xa volveu.....	61
'A moda.....	65
A bruxa.....	73
A corca.....	75
Eldefreda.....	81
Noite crara.....	99
N-o album de Carmen Malvar.....	101

Pregarea.....	103
Muschas.....	105
A Virxen de Mondil.....	109
A nai d' o soldado.....	111
'A Caridá.....	115
O berce valeiro.....	117
Á María Santísima.....	119
Diol-empare.....	121
Alborada.....	123
Onte e hoxe.....	125
'O Lerez.....	129
Non morreu.....	133
Lucía.....	135
Á Rosalía Castro.....	139
'A esperanza.....	141
A tua patria y-a miña.....	143
¡Qué medo!.....	151
O terremoto.....	153
¡Quén poidera saber!.....	159
A Cintola.....	161
Á Galicia.....	169
Cantares.....	181
Notas.....	197





Véndese en las principales librerías al precio de

**TRES PESETAS**

En América y Ultramar, fijarán el precio los señores corresponsales.

